



aulas libres

revista de pensamento,
información e debate
do **steg**

8

aulas libres nº 8

Galiza, Maio de 2017.

aulaslibres@steg.gal

Edita:

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza, STEG.

Dirixe:

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG.

Coordinan:

Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal.

Deseño e maquetación:

Rosa Herraiz Cabanas.

Impresión:

Parsan Gráfica

Depósito legal: C 2092-2013

ISSN: 2340-8618

Permítese a reprodución sempre que se cite autoría e procedencia.



Distribución gratuíta.

A revista non se fai necesariamente partícipe das opinións das persoas que colaboran nela.

A confección deste número pechouse o 21 de abril de 2017.

Imaxe de portada: Carlos Casares nunha aula.

aulas libres 8



2 **editorial**
Permanente do STEG

3 **actualidade sindical**
Permanente do STEG

10 **xornadas de debate pedagóxico**
Lois Pérez Díaz
Emilio Xosé Ínsua

12 **sobre o consello escolar de Galicia**
Xosé Ramos Rodríguez

15 **o (im)posíbel pacto pola educación**
Augusto Serrano

18 **acceso diferenciado como solución**
Isabel González López

21 **opinión: a liberdade de expresión e o politicamente correcto**
Rubén Álvarez

22 **entrevista a Valentina Formoso**
Emilio Xosé Ínsua

26 **llengües asetjades**
Lois Pérez Díaz

28 **ideas para a mellora dos programas de innovación educativa**
Lola Dasilva

29 **experiencias de aula: seminario transversal de programación e robótica**
Ana Moreiras

30 **para ver, para ouvir, para ler**
Isabel González Avión
Emilio X. Ínsua

36 **texto literario**
Carlos Casares

2 editorial

Un dos mantras máis repetidos pola dereita gobernante, tanto no estado como no noso país, é o da súa presunta eficiencia na xestión. Mais amiúde esa autolouvanza non serve máis que para agochar as inclinacións e directrices puramente políticas e ideolóxicas, léase reaccionarias no seu caso, que están detrás dos criterios e decisións que dominan esa xestión.

Ven isto a propósito de cuestións concretas que afectaron o ensino galego nos últimos tempos nas que a Consellaría que dirixe Román Rodríguez quixo agochar *sub aespécie* de “xestión eficiente” o que non deixan de ser palpábeis mostras da aplicación descarnada dunhas concepcións ideolóxicas sobre o ensino e sobre a súa xestión rabiosamente neoliberais e, xa que logo, profundamente inxustas.

Referímonos a casos como o da suspensión do transporte “de volta”, pero non da actividade lectiva, durante o alerta meteorolóxico no mes de marzo; o da demora intolerábel na concreción do temario, dos criterios de ponderación e do modelo de probas de acceso á Universidade deste curso, demora que ten condicionado moi negativamente todo o traballo do profesorado e do alumnado de 2º de Bacharelato; o do lamentábel convenio para o abastecemento de gasóleo para os centros, que os condena en moitos casos a un rexime de monopolio abusivo; á nova orde de concertos coa privada, que ademais de amplialos no tempo e no importe, derroga o principio de coeducación como requisito para concertar e consagra así máis unha vez a subvención con diñeiros públicos para centros que, contra a máis elemental lóxica democrática, social e pedagóxica, segregan alumnado por razón de sexo...



Escola II
Lois G. Magariños

¿Que se pode dicir, que non sexa un exabrupto indignado, sobre a chantaxe política formulada inicialmente polo PP a conta da convocatoria de oposicións, e polo tanto das expectativas, sacrificios e esforzos de milleiros de persoas aspirantes, para ver de forzar así apoios doutros grupos parlamentares ao seu proxecto de Orzamentos Xerais do Estado? ¿E como cualificar a oferta finalmente realizada, onde son clamorosas as ausencias de varias especialidades, escasos os números doutras moitas e inxustificábel o tratamento “restritivo” outorgado ás prazas nos Conservatorios de Música, para poder así burlar, se a impugnación que presentará o STEG en tal sentido non o remedia, toda unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza?

E, do mesmo xeito, ¿que podemos dicir de bon sobre a marcha e orientación dos traballos desa subcomisión das Cortes do Estado para chegar, disque, a un novo “pacto educativo”, que está a facer boa aquela frase de “se queres que algo non funcione, crea unha comisión”?

Seguimos soportando sobre o lombo do ensino público a pesada carga da LOMCE, unha lei que naceu desde o sectarismo, a prepotencia e a unilateralidade e que sobrevive con respiración asistida, entre grandes doses de improvisación. Os seus efectos nocivos son xa evidentes e o deterioro xeral do ensino público que provoca día tras día pagámolo todas e todos, e non só con cartos. Cómpre, pois, perseverar na loita e articular máis cedo que tarde, desde a xenerosidade e o respecto a todos os axentes implicados, unha grande mobilización unitaria e contundente de todo o ensino galego contra esta lei.

sobre o acordo de mellora do emprego público

O Acordo entre o Ministerio de Facenda e Administración Pública e as organizacións sindicais CC.OO, CSI-F e UGT no marco da Mesa Xeral das Administracións Públicas, asinado o pasado 29 de marzo de 2017, contempla, basicamente o seguinte:

Estabelece, polo ano 2017, unha taxa de reposición a nivel do estado do 100% nos sectores considerados como prioritarios: Sanidade, Educación, Administración de Xustiza, Servizos Sociais, etc. mentres que, para o resto de sectores, a taxa de reposición fíxase no 50%.

Por outra banda, sen que compute a efectos de taxa de reposición, autorízase ás Administracións Públicas, en materia de servizos prioritarios, a convocaren ofertas de emprego, no próximos tres anos, con aquelas prazas que estean, polo menos tres anos, cubertas por persoal temporal e por un máximo do 90% destas prazas. Os procesos selectivos destas ofertas realizaranse polo procedemento ordinario previsto regulamentariamente.

Por último, NON computará a efectos de taxa de reposición a convocatoria de prazas nos termos previstos na DT4 do TREBEB; é dicir, prazas que, con data anterior ao 1 de xaneiro de 2005, fosen ocupadas ininterrompidamente de forma interina ou temporal. A diferenza do apartado anterior, a DT4 do TREBEB permite que as probas garden relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais e que se valore, como mérito, os servizos prestados e a experiencia no posto de traballo obxecto da convocatoria.

Analizando o contido do Acordo, cualitativamente, introdúcese un elemento que distorsiona o que podería ser unha verdadeira política de redución da temporalidade, que é a exclusión daqueles sectores non considerados prioritarios. Para o STEG, a temporalidade, como problema de precariedade laboral, é o mesmo, calquera que sexa o sector da administración pública e, ademais, desde un punto de vista de xestión, tan primordial é o persoal que presta o servizo directamente, como o que o xestiona administrativamente.

Se entramos a analizar o que di o Acordo sobre as fórmulas de acceso previstas para estas ofertas de emprego, vemos que hai dúas alternativas: unha, con carácter xeral, suxeita ao concurso-oposición ordinario e, outra, mediante a aplicación da DT4 do TREBEB. Considerando que a DT4 do TREBEB limita estas ofertas ás prazas vacantes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005, parece que, facendo unha interpretación rigorosa, non serán moitas as prazas que se poidan incluír nesta modalidade de fórmula de acceso. Por tanto, podemos concluír que o Acordo poderá ser útil para reducir a temporalidade, pero, non tanto, para consolidar o persoal interino.

Agora ben, as grandes ausentes do Acordo son outras materias que, nin están nin agarda ninguén por elas. As retribucións para 2017, a recuperación do poder adquisitivo perdido, a xubilación parcial ou retribucións en situación de incapacidade temporal, por poñer algúns exemplos, non tiveron cabida nun acordo que os Orzamentos Xerais do Estado pretenden reflectir.

Dende o STEG, diante dun suposto escenario de recuperación económica e dunha certa debilidade do Goberno do Estado en canto ás maiorías parlamentarias se refire, e nun momento en que a xurisprudencia dos tribunais estatais e europeos cuestiona o abuso da temporalidade nas Administracións Públicas, cremos que se deixou pasar unha oportunidade única para conseguir melloras laborais que palíen os efectos dos recortes da crise.

Era o momento de suprimir os límites á taxa de reposición e flexibilizar as prazas susceptibles de seren incluídas na DT4 do TREBEB, de xeito que fosen as administracións territoriais as que negociasen, nos seus respectivos ámbitos, a estratexia de redución da temporalidade, sen excluír ningún sector e buscando o equilibrio entre o novo acceso e a consolidación do emprego.

Así mesmo, procedía introducir algunhas melloras, empezando pola derogación do RDL 20/2012 e seguindo pola recuperación do poder adquisitivo, nun acordo que, á fin e ao cabo, constitúe un balón de osíxeno para o Goberno na tramitación parlamentaria dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017.

Como conclusión e atendendo ás razóns expostas, o STEG fai unha **valoración negativa** do Acordo para a Mellora do Emprego Público, por considerar que non aborda globalmente o problema da temporalidade, excluindo sectores públicos importantes, como o da administración xeral e outros, do seu ámbito de aplicación e por entender que non ofrece unha solución real á consolidación do persoal interino. Ademais, ignórase calquera medida que contribúa á recuperación das condicións laborais perdidas como consecuencia da política de recortes en materia de servizos públicos levada a efecto nos últimos anos.

Para o STEG, os sindicatos asinantes renunciaron nesta ocasión ao seu papel reivindicativo en defensa dos intereses das empregadas e empregados públicos, cun acordo falto de aspiracións que, en cambio, si contribúe a restituír a maltreita imaxe pública do Ministro Montoro e facilitarlle ao Goberno de Mariano Rajoy o camiño da tramitación parlamentaria dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017.

algunhas das propostas de resolución presentadas por steg durante o segundo trimestre do curso 2016/17 nas xuntas provinciais de persoal docente non universitario

As delegadas e delegados de STEG nas catro Xuntas de Persoal Docente non Universitario, en exercicio das súas funcións de representación e defensa dos intereses dos traballadores e traballadoras do ensino público, presentaron no segundo trimestre do presente curso as seguintes propostas de resolución sobre algunhas das problemáticas que se verificaron nese período.

1 Demandando unha oferta de emprego público cun número de prazas que non resulte a todas luces insuficiente para cubrir todas as necesidades, cunha distribución por especialidades racional e axeitada, con antelación suficiente para dotar de seguridade ás persoas opositoras e que garanta o acceso libre en todas as especialidades.

argumentación:

No STEG acabamos de coñecer a decisión (á fin!) da Consellería de convocar oposicións para este curso. Vaia por diante que consideramos que é necesaria esta convocatoria para estabilizar o cadro de persoal docente, pero tamén consideramos que se podería ter feito notablemente mellor:

- En primeiro lugar, as prazas ofertadas son a todas luces insuficientes. Para manter un ensino público de calidade é imprescindible diminuír a taxa de interinidade, e iso só se consegue cunha taxa de reposición superior ao 100% das xubilacións. É ofensivo que mentres se recortan unidades no ensino público, cada curso se concerten novas unidades no ensino concertado e incluso en centros que segregar por sexo.

- Para o STEG resulta tamén indecente o seguidismo que ten esta Administración respecto ao goberno central en materia educativa. Sempre atentos á voz do seu amo, pendentes de se dan permiso ou non para convocar oposicións, e cando, e mediante que procedemento, etc. Esiximos, como sempre fixemos, que a Consellería exerza as súas competencias en materia educativa, entre as que están a de decidir cantos postos docentes son precisos para o noso país.

- Ademais, chámanos a atención a distribución de prazas por especialidade, con casos coma Orientación, na que, segundo as vacantes que saen no CXT deste ano, quedarán prazas sen cubrir por persoal funcionario. Isto provocará que nunha especialidade tan delicada e tan importante para o funcionamento dos centros e para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio aumente notablemente a taxa de interinidade, e, en consecuencia, a inestabilidade nos postos de traballo.

- As prazas de promoción interna que se ofertan para o corpo de profesorado de Música e AAEE constitúen, na opinión do STEG, unha fraude de lei, un intento de perverter o sentido da sentenza do TSX de Galiza que lle quitaba a razón á Consellería, e unha inxustiza que seguiremos denunciando por todas as vías que nos sexa posible.



2 Demandando que se deixe en suspenso a celebración da proba de avaliación diagnóstica de 3º de Primaria contemplada na LOMCE, ao igual que se fixo xa coas de 6º de Primaria e 4º da ESO; e que para unha detección, avaliación e actuación axeitadas sobre as necesidades especiais e as dificultades que o alumnado poida ter nos respectivos centros, a consellería reverta a súa política de recortes e os dote dos recursos e do persoal necesario que aqueles veñen demandando.

argumentación:

Nas últimas datas fóronse sucedendo diferentes informacións a respecto das “reválidas” previstas na LOMCE, utilizándose en grande medida como unha forma de airear o presunto talante “negociador” do Goberno do estado visto que xa non pode aplicar a maioría absoluta coa que o partido que o sustenta aprobou no seu día, unilateralmente, esa lei.

Porén, cando se acode aos pormenores desas vagas informacións, o resultado é que, no caso de que houbese algún tipo de medida concreta de “suspensión cautelar”, referiríase exclusivamente ás “reválidas” de 6º de Primaria e 4º da ESO, omitindo que sucedería no caso das “reválidas” de 3º de Primaria.

A día de hoxe ninguén sabe exactamente se esa “reválida” de 3º tería carácter censual, se os seus resultados se recollerían no expediente académico do alumno/a, etc.

Queremos lembrar que ditas probas contaron cun amplo rexeitamento por parte de toda a comunidade educativa, e que silenciar as informacións ao respecto do seu futuro, implica unha actitude raposeira e evasiva, por medo a que a cidadanía se volva a erguer masivamente, como xa fixo en cursos precedentes, en contra destas “reválidas”.



3 Proclamando que a igualdade de dereitos e de trato de todas as meniñas e meniños escolarizados comporta de seu a non discriminación nin segregación no ámbito escolar por razón de sexo, e, en coherencia co anterior, esixencia da cancelación inmediata dos concertos con centros privados que segregan alumnado por razón de sexo, -en claro atentado contra o ideal dunha sociedade democrática, igualitaria e integrada- así como da retirada da recente nova orde sobre concertos educativos e a apertura dun proceso de paulatina reversión dos recursos destinados ata o momento a eses concertos para o ensino público.

argumentación:

A Consellería de Educación vén de publicar a norma que rexerá ao abeiro da actual lei o financiamento dos colexios privados concertados dende o vindeiro curso, toda vez que o período de aplicación da anterior, ditada en 2013, remata no presente período académico 2016-2017.

As principais diferenzas verbo da anterior orde radican:

na duración, que amplía a vixencia “mínima” dos concertos en Primaria de catro a seis anos, para estender esta prolongación a todos os niveis do ensino concertado, isto é, tamén a infantil, ESO, Educación Especial e Formación Profesional.

no papel da igualdade de xénero, desaparecendo dos criterios para a subvención aquel de que os centros desenvolvan o principio de coeducación en todas as etapas educativas, circunstancia esta que o STEG xulga alarmante e intolerábel no actual contexto social, no que a violencia contra as mulleres se cobra cada ano numerosas vidas.

na contía do financiamento a conta das arcas públicas dos centros privados concertados; cómpre lembrar que Núñez Feijó lles mantivo o financiamento e llelo renovou en 2013, xa coa súa propia orde, actuando contrariamente á lei vixente no momento da concesión, segundo sentenciaron o TSXG en 2013 e o Supremo en 2014. Non obstante, a actual LOMCE devolveulles o encaixe legal en 2014.

Este movemento da Xunta resulta gravemente ofensivo e irrespectuoso cos valores democráticos que deben presidir o ensino na nosa sociedade.

4 Instando á Consellería de Cultura, Educación e O.U. e á Xefatura Territorial, no ámbito que lle corresponde, a non repetir as directrices e actuacións seguidas diante do recente adverso meteorolóxico vivido no país e a asumir no futuro a súa enteira responsabilidade e competencia na xestión da seguranza e da integridade de todo o profesorado, alumnado e demais segmentos da comunidade educativa diante de eventuais situacións meteorolóxicas adversas que se produzan no sucesivo, ditando para iso ordes racionais, lóxicas, claras, concretas e, sobre todo, responsábeis e protectoras.

argumentación:

En datas recentes e co gallo dunha alerta meteorolóxica cun nivel de gravidade importante, a Consellería de Educación deu un novo exemplo vergoñento de aplicación esmerada ao ensino pola súa parte do vello principio liberal (ou será tamén neoliberal?) do “laissez faire, laissez passer” en asuntos que son da súa enteira responsabilidade e abdicando claramente das súas obrigas.

Así, mentres non tivo reparo en exercer, como debía, a súa responsabilidade en materia de transporte e seguridade dos condutores que realizan acotío o servizo de transporte escolar, decretando a suspensión durante día e medio dese servizo en zonas con alerta marela e laranxa por neve, deixou de exercela adrede en materia de profesorado, alumnado transportado, alumnado sen transporte e demais sectores da comunidade educativa, deixando ao criterio de cada centro e de cada equipa directiva a decisión de suspender ou non as actividades lectivas e obrigando ás familias a “buscarse a vida” para recoller o alumnado nos centros afectados polo temporal de neve.

Entendemos que o paso seguinte (e lóxico) tras decretar a suspensión do transporte, vista a situación de adverso meteorolóxico, tería sido anunciar desde a Consellería a suspensión das clases nos centros de ensino daquelas zonas onde xa se suspendera o servizo de transporte, no camiño de garantir a integridade física e seguranza do alumnado e do profesorado, pero este tipo de decisións parece que non son do gusto dunha Consellería que prefire delegar impropriadamente estas cuestións nas direccións dos centros e nas familias.

5 Demandando á Xefatura Territorial que realice inmediatamente os estudos técnicos necesarios e acometa sen máis demora a zonificación escolar racionalizada e actualizada da área de Vigo

argumentación:

Desde o STEG asistimos con preocupación e compromiso de mellora á deterioración do ambiente na vida escolar que se vén detectando nos últimos tempos na zona de Vigo e que atopa, en boa medida, a súa orixe na falta de racionalización á hora de realizar e modificar a adscrición de certos centros educativos, nomeadamente nos barrios de Coia e San Paio de Navia, con implicación nas parroquias de Valadares e Beade, entre outras.

En último termo, o que se pon en evidencia é a necesidade de acometer urxentemente unha nova zonificación escolar –do mesmo xeito que se acaba de facer no concello de Pontevedra– que dea resposta acaída á actual situación demográfica e urbanística desta área urbana, que presenta os máis altos niveis de concentración de poboación de Galiza.

A delicada, específica e complicada problemática escolar do concello de Vigo é coñecida por todos, esta Xefatura Territorial non ten reparo en recoñecelo de xeito público e notorio. Esa circunstancia non fai máis que poñer de manifesto a necesidade imperiosa de comezar a dar os pasos pertinentes para superar a situación na que a día de hoxe nos atopamos e non dilatar máis a solución do problema argüíndo *que é moi difícil, que habería que facelo por partes* ou, simplemente, amparándose en *que aquilo é un caos*. Pretextos para deixar pasar o tempo e non remover os obstáculos que dificultan o correcto funcionamento escolar do que é responsable a administración educativa.

steg formula diversas demandas á xefatura de inspección en lugo

Na xuntanza mantida pola Xunta de Persoal Docente de Lugo coa Xefatura de Inspección o pasado 16 de marzo, os delegados e delegadas de STEG formularon as seguintes cuestións:

En primeiro lugar, transmítelle á Xefatura de Inspección o seu desacordo e preocupación polo proceder nalgunhas instancias da Inspección Médica. A Inspectora Xefa fai notar que a Inspección Médica non depende da Xefatura de Inspección.

Dende o STEG sinálase que malia que sexa así, xúlgase bo que a Xefatura de Inspección estea ao tanto desta situación, para actuar na medida das súas competencias e coñecer a situación, concretamente en relación a dous casos de traballadoras da Mariña lucense, embarazadas, onde se observou reiteradamente excesivo celo por parte desta, instando as mulleres, en situación de baixa, a se incorporaren aos seus postos de traballo, malia haber evidencias de que non era isto o desexábel; nun dos casos, a traballadora estaba a 15 días de entrar na semana 37 e existía un informe médico que alertaba de que o feto xa estaba encaixado e o parto podía ser inminente (por riba, o posto de traballo implicaba estar en contacto co alumnado de infantil, alumnado con diversidade funcional susceptible de episodios de crise, subir e baixar nun montacargas a falta de ascensor...). Dende o STEG adúcese que cómpre velar co mesmo celo pola integridade física e a saúde das traballadoras como polo axeitado control dos recursos, e parece que iso non está a ser así.

- En segundo lugar, dáse traslado da problemática do CEIP de Lousada, no referente á pouca axilidade coa que se cubren as baixas da auxiliar de cociña, o que ocasiona que durante períodos de tres e catro días, se teña que dispor dun servizo de cáterin, que ocasiona que o profesorado teña que desenvolver labores de limpeza e demais que non lle son propias. Enténdese que anticipando algo mellor este tipo de situacións poderíase solventar moito mellor a situación, favorecendo o desenvolvemento de centros que pertencen a un eido fundamental, o rural. Trasládase tamén a importancia de adxudicar un especialista de Infantil e non doutras especialidades, como se demandou dende o centro algunha vez no pasado recente, para garantir a atención axeitada do alumnado deste tramo de idade.

- En terceiro lugar, expónse a problemática do CEIP de Muras, onde habendo alumnado con diversidade funcional non dispoñen de PT, sendo este centro de menos de 3 unidades. Indícase que cómpre axudar os centros que están en situacións especialmente difíciles e atender en condicións o alumnado dos mesmos.

- Finalmente, o STEG informa da problemática dun centro de secundaria, que describe con todo detalle casuísticas de seguro compartidas por outros centros de ensino, onde se afonda na falta de adecuación dos ROC á realidade e á dinámica dos centros, onde as persoas responsábeis e as direccións foron acumulando nestes anos máis e máis funcións que requiren unha actualización destes documentos ao contexto actual. Tamén se fala da falta de adecuación dos materiais e kits de arduino, de robótica e de 3D, especialmente dos de arduino en relación á falta de formación do profesorado e nivel do alumnado, o que pode provocar que acabe inutilizado dito material, sen abrir. Ademais da formación axeitada, habería que garantir certa estabilidade do profesorado tamén.

Trasládase a circunstancia de que a data de 15 de marzo, aínda non se ingresaron GASTOS DE FUNCIONAMENTO, o que incide negativamente na xestión e no funcionamento do centro.

A Inspectora Xefa toma nota destas problemáticas e mirará que se pode facer para resolvelas.

Xa no final da xuntanza, o STEG traslada á Xunta de Persoal a problemática do CEIP de Paradai, onde dispón xa de máis datos relativos ás porcentaxes de alumnado inmigrante. Isto pode supor unha oportunidade ou

un problema se non se dota axeitadamente de profesorado e recursos, nomeadamente PT e AL (na actualidade dispón de 1 PT e 1 AL, habendo porcentaxes de alumnado procedente do estranxeiro, no caso de Infantil, que rozan o 70%, de lugares tan dispares como Marrocos, Romanía, Brasil, Nixeria, Paquistán, China, Colombia, Cuba, Bolivia, Rep. Dominicana Ecuador, Bulgaria, Kazaxistán, Etiopía, Paraguai, Ghana, Arxentina, Alxeria e de etnia xitana). O STEG comprométese a achegar por correo unha proposta escrita, que incorpore os novos datos facilitados pola dirección do centro.

steg formula varias cuestións ao xefe territorial da consellería en pontevedra

Na reunión celebrada o 8 de febreiro de 2017 pola Permanente da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra co Xefe Territorial da Consellería, ao fío dunha agresión a unha profesora no CEE Saladino Cortizo, STEG pregunta se non debería haber un plus de perigosidade recoñecido para todo o profesorado que imparte docencia nese tipo de centros e a un alumnado con determinado perfil conflitivo. O XT resposta que a clave está máis ben nos técnicos coidadores e na súa capacitación.

STEG pregunta, así mesmo, pola situación que afecta aos colexios de Chapela-Redondela afectados polas obras de ampliación da autoestrada. O XT contesta que lle parece que AUDASA xa comprou os terreos necesarios para a construción dun novo colexio e que xa solicitou a licenza municipal de obra, pero que en todo caso este é un asunto que leva a Secretaría Xeral Técnica da Consellería e non a Delegación Territorial. STEG considera que, con todo e con iso, o XT debería demandar información puntual a esa Secretaría Xeral sobre a marcha das xestións e mesmo contactar directamente desde a Xefatura coa empresa Audasa para coñecer ao detalle a planificación e os prazos que manexa nese sentido.



participación do steg no XI congreso da confederación intersindical

Os días 10, 11 e 12 de febreiro, unha delegación do STEG participou no XI Congreso da Confederación Intersindical, celebrado en Alacant, baixo o lema “Agora Intersindical. Unindo alternativas”.

Desde a súa fundación por tres sindicatos (Sindicato Ferroviario, Confederación de STEs -Ensin- e Sindicato de Trabaxadores de Administración y Servicios) ata hoxe, a “Intersindical” ten feito un enorme traballo de organización, articulación, mobilización e conscientización, sempre desde os seus presupostos irrenunciábeis de sindicalismo autónomo, asembleario, feminista e de clase. Actualmente ten presenza na práctica totalidade dos sectores do mundo laboral, mais ese medre orgánico, territorial e sectorial trae consigo loxicamente a necesidade de adaptar as súas estruturas internas para facelas máis eficientes. Por iso mesmo o Congreso articulouse sobre varios documentos: de Relacións Internacionais, de Organización de Mulleres, de Política Sindical, de Estatutos, de Carta Financeira e de Organización.

Nos diferentes debates mantidos durante esas tres xornadas polos 167 delegados e delegadas participantes, abordáronse temas de capital importancia para o futuro desta organización confederal. Avaliouse criticamente, por exemplo, que continúen infelizmente presentes moitos dos problemas de coordinación e participación efectiva xa analizados nos dous anteriores Congresos e constatouse que a aposta da Confederación por conformar Intersindicaís

en todos e cada un dos territorios segue sendo un obxectivo pendente. No lado positivo cabe destacar a creación dunha área de Normalización Lingüística e Cultural, que servirá para a valorización e o fomento da nosa lingua e das demais minorizadas na Península a través da Confederación. Tamén se decidiu seguir habilitando mecanismos para sumar novos colectivos e conseguir asemade unha intersindicalización efectiva nos diferentes territorios.

As persoas que formaron a delegación galega (STEG e SF) valoraron moi favorablemente a experiencia, tanto no plano político coma na posibilidade de establecer novas canles de comunicación e colaboración entre organizacións de diferentes territorios do Estado español, co obxectivo de tecer unha urdime capaz de loitar mancomunadamente, desde a plena soberanía de cada quen, por obxectivos comúns.

No transcurso do Congreso aprobouse, entre outras moitas, unha resolución de apoio ao pobo palestino, na que se denuncian as violacións de dereitos humanos cometidas por Israel en Palestina e a complicidade da Unión Europea. A Confederación Intersindical adhire con este texto á campaña internacional de Boicote, Desinvestimentos e Sancións a Israel, BDS, e manifesta a súa intención de participar no proceso de construción da Rede Sindical Europea de Solidariedade con Palestina, posta en marcha en Bruxelas no pasado mes de novembro de 2016.

seguimos loitando contra a lomce

O pasado 9 de marzo STEG participou activamente, canda outros moitos sindicatos, ANPAS e organizacións estudantis, nunha nova Folga contra a LOMCE. Daquela fixemos público un texto en que resumiamos e reiterabamos algunhas das nosas razóns para opoñernos a esa Lei. Reproducímolo a seguir, pois non perdeu infelizmente vixencia.

1. Por que non queremos que o tan publicitado “Pacto educativo” se convirta nunha LOMCE 2.0, un lavado de cara para a Lei máis nefasta da nosa historia.

Cómpre lembrar a día de hoxe (9/3/2017) a inacción da subcomisión parlamentaria que debía iniciar a redacción dun novo texto que substituíse a LOMCE (e que agora modificou este obxectivo polo de traballar arredor da estratexia 2020 e, se cadra, un texto que puidese dar orixe a unha nova lei ou non). A isto debemos engadir tamén o anuncio do Goberno do Partido Popular de que recurrirá no Tribunal Constitucional para deixar sen efecto o acordo de paralización da LOMCE que se aprobou no seu día no Congreso.

2. Porque o modelo educativo que se propón baséase sobre todo no adoutramento e no mercantilismo, considerando a escola coma unha factoría de man de obra, en lugar de pretender acadar unha cidadanía autónoma e independente.

O STEG opina que a Relixión debería estar fóra da escola pública e por contra cobra especial protagonismo na LOMCE. Entendemos que a escola debe respectar e promover o dereito á liberdade de conciencia, o coñecemento



empírico da realidade a través da racionalidade, así como evitar a discriminación de xénero ou contra a diversidade sexual (moi presente, por contra, na doutrina católica). Así, a Relixión nesta lei sitúase ao mesmo nivel que o resto das materias en canto á nota media; unha materia onde para subir nota o alumnado ten que crer no que di o docente, e que, sospeitosamente, obtén sempre calificacións moito máis altas có alumnado que se matricula na súa alternativa.

3. Porque a actual lexislación, apoiada polas políticas lingüísticas da administración, relega o galego a unha segunda categoría vendo que, ano tras ano, o número de galegofalantes diminúe.

A lingua galega vese discriminada por esta lei que non garante que o alumnado remate a súa educación obrigatoria con plenas competencias na mesma, detraendo horas de impartición en favor dun plurilingüismo que xa é evidente que non serve para aprender mellor a lingua estranxeira, se non para deixar de adquirir outras competencias e contidos básicos. Unha concepción ecolóxica das linguas e verdadeiramente normalizadora require asignarlle un papel preponderante á lingua minorizada e NON partindo dunha suposta e inexistente igualdade no uso e no coñecemento das mesmas. O verdadeiro plurilingüismo tan cacarexado pola Consellería non consiste nesa visión reduccionista da aprendizaxe do inglés como a solución máxica a todos os males.

4. Porque as materias con máis contido humanístico, víronse perxudicadas, ou directamente eliminadas, mentres que a relixión se convertía en materia avaliablel.

Paralelamente ao protagonismo que se lle confire á Relixión, materias fundamentais como a Filosofía ou a Música xogan un papel residual nesta LOMCE.

5. Porque a demencial concepción do alumnado e das ratios como simples números nun papel conduciron a que a optatividade en centros do rural sexa anecdótica, mentres recortan postos docentes, e outros centros están desbordados de alumnado; todo baixo o mantra da Consellería de “temos a ratio máis baixa de todo o estado”.



A Consellería contribúe á degradación dun eido, o rural, fundamental para Galiza e por tanto dá por boa a construción do inevitábel, un dos males endémicos da nosa sociedade. Así, asistimos a unha degradación da linguaxe e deturpación do significado das palabras (a Neolingua que cita O` Rivas falando de Orwell, onde as cousas significan o seu contrario) e onde a escola xa non é, nin dende a óptica verbal, unha institución pública senón un “proveedor de capital humano”.

6. Porque o desleixo co que se trata á FP, e, sobre todo, a FP básica, é o símbolo da concepción dunha educación de calidade para quen poida pagala, e outra sen medios e sen persoal para o alumnado en peor situación socioeconómica.

Uns currículos mal copiados dos xa existentes, unhas ratios totalmente fóra de lugar para alumnado con dificultades e características moi concretas, a inadaptación dos espazos e a inadecuación dos materiais ás necesidades deste alumnado particularmente sensíbel. Estamos a falar de moitas adolescencias que, provisionalmente, tórcense e moitas adolescencias tortas no medio de vidas tortas. En moitos casos a deriva escolar ten que ver con “accidentes” da vida e con “incidentes” escolares, tal é o caso desta FP básica, a panacea deste goberno do PP, que lle permite afirmar que se reduce o fracaso escolar, pero non explica a imposibilidade de dar de baixa a este alumnado no Xade cando se produce o abandono.

7. Pola progresiva privatización do ensino público, que se ve tanto no aumento de unidades concertadas; coma na concesión aos centros concertados de programas coma o abalar, o PLANBE, ou contratos programa, detraendo recursos económicos que poderían ir parar a centros públicos; coma na externalización de servizos de comedor ou do subministro de gasóleo a centros.

Nos últimos tempos, a adecuación da escola-empresa, a xerarquización e a mercantilización desta son a estratexia tripla que acompaña os recortes no ensino, nun contexto onde o COÑECEMENTO vai sendo substituído pola EMPREGABILIDADE e o “capital humano” é considerado o máis importante de entre os factores históricos (terra, capital, traballo) que inflúen no crecemento económico, baixo a tutela dos peores preceptos neoliberais.

8. Porque queremos a derogación dos recortes que derivaron da LOMCE e do seu decreto 14/1012, e recuperar os cadros docentes, baixar as ratios do alumnado, e que non desconten os días de baixa por IT.

E que se saiba que dende a chegada de Feijóo ao goberno da Xunta en 2010 o ensino público perdeu dous mil docentes, namentres o concertado e o privado non perderon nin o primeiro, aínda ao contrario. Os recortes non teñen vida propia, RESPONDEN A UNHA IDEOLOXÍA MOI CONCRETA.

9. Porque queremos que se lle devolva a autonomía aos centros, que se eliminen os concertos cos centros que segregan por sexo e que, por unha vez, se escoite á comunidade educativa á hora de elaborar unha Lei de Educación que sirva para que o noso ensino público sexa realmente de calidade, laico, igualitario e democrático.

¿Que saberes son precisos pra entender o mundo do século XXI e transformalo cara a equidade e cara un desenvolvemento sostíbel e duradeiro? ¿Cal o camiño para permitir o acceso a meirande parte da poboación? ¿Cal a pedagogía, o discurso e as prácticas e cales os mecanismos que motiven o alumnado para conquerilo? A resposta, dende logo, NON a trouxo a LOMCE.

primeiras xornadas de debate pedagóxico do steg (Lugo, 17 e 18 de marzo de 2017)

Lois Pérez Díaz
Emilio Xosé Ínsua

Os pasados venres 17 e sábado 18 de marzo do ano corrente tiveron lugar na cidade da murallas as **Primeiras Xornadas de Debate Pedaxóxico. As competencias, competentes para o que?** organizadas polo STEG, que constituíron todo un éxito de participación, pois cubriron o cupo máximo de prazas ofertadas e contaron con participantes de todo o país (Viana do Bolo, Cee, Foz, A Guarda, Santiago, Pontevedra, o propio Lugo...), algúns procedentes doutras zonas da Península e até unha parella de profesores brasileiros. Cómpre salientar e agradecer, neste sentido, a presenza de profesorado da USC, de membros de diversos colectivos pedagóxicos, asociacións e federacións de nais e pais de Lugo e de varias activistas de Nova Escola Galega.

En relación ás ponencias e actividades desenvolvidas, a valoración das persoas asistentes foi moi positiva, debido á variedade de temáticas abordadas e á acaída disposición e secuenciación das diversas mesas redondas, que foron pasando dun carácter ou plano máis global, da man da charla de Nico Hirtt sobre a ideoloxía subxacente no modelo de “avaliación por competencias”, ata outro plano máis apegado á nosa realidade educativa concreta, abordando aspectos distintos e complementarios como a situación da escola no rural, os sucesivos intentos de chegar a un pacto educativo durante o período democrático, o transfondo social da situación educativa dos nosos días ou a crítica e enunciación de posíbeis alternativas á actual lei educativa vixente, a LOMCE.

O físico, sindicalista e teórico belga **Nico Hirtt**, autor de libros como *Os novos amos da escola* e *Que aprendiches na escola?* e dinamizador da APEL (Appel Por une École Democratique, www.ecoledemocratique.org), falou na tarde do venres, no Auditorio da Casa do Saber da USC, sobre a mercantilización da escola ao abeiro do discurso das competencias e propiciou un interesante intercambio de ideas e opinións co público asistente.

A súa charla, titulada “Competences et compétition: l'école sous la coupe des marchés” (Competencias e competición: a escola baixo o control dos mercados), puxo en evidencia como as crises cíclicas da economía capitalista nos últimos cincuenta anos xeraron novos discursos de corte neoliberal sobre a educación, elevando o concepto de “competencias” sobre o de “saberes”, inundando o ensino de conceptos economicistas e empresariais (“mercado escolar”, “competitividade”, “avaliación externa”, “capital humano”, “flexibilidade”...), aplicando aos sistemas públicos de ensino draconianas medidas de “austeridade”, “recortes” e “privatizacións” e outorgando preeminencia no deseño das directrices pedagóxicas e educativas globais a entidades tan pouco “pedagóxicas” como a OCDE, o FMI e o Banco Mundial.

Para subliñar a intensa dinámica de privatización e mercantilización da escola que vivimos, puxo de manifesto, entre outros, fenómenos en auxe como as *acadomias* (entidades privadas que ofertan “apoios” educativos a domicilio para o alumnado con máis dificultades), as “Universidades franquicia” en países subdesenvolvidos ou as escolas privadas de formación profesional postas en marcha por grandes compañías aéreas e informáticas. Tamén desvelou algúns dos espúreos intereses mercantís e empresariais que están detrás da expansión das TICS no sistema educativo (que non rexeitou, mais que relativizou moi moito como presunta “panacea”) ou detrás das millonarias subvencións de determinados “programas” de formación e concienciación no ámbito escolar, presuntamente altruístas, por parte dalgunhas multinacionais dos refrescos, da alimentación ou dos dentífricos.

Hirtt revelou que desde o Tratado de Lisboa (2000) está consagrado como obxectivo central do sistema educativo no ámbito da Unión Europea o de contribuír a facer de Europa a economía máis dinámica e competitiva do mundo. Nese sentido, denunciou que o ensino está sendo vítima dunha operación política que supón mudar as súas estruturas, contidos e prácticas a fin de que sirva para crear o “capital humano” que se necesita para un mercado de traballo, por un lado a cada máis esixente canto a formación, mais, ao mesmo tempo e por outro, máis precarizado, devaluado e inestabilizado tocante ás súas condicións. Así se xera o paradoxo dunha sociedade que posúe cada vez un maior número de persoas “moi preparadas” pero que só pode ofrecerlles a moitas delas situacións de “desemprego”, “precariedade”, “contratos provisorios”, “mileurismo”, etc. O incremento das desigualdades no plano social e económico que o neoliberalismo fomenta e xustifica non casan



nada ben, en definitiva, cunha escola universal, igualitaria, gratuíta, democrática e fomentadora do saber e do espírito crítico e de aí a ofensiva que o ensino público está a padecer nesta coxuntura histórica.

No remate, chamou a concibirmos o ensino público como un “campo de batalla” simbólico e ideolóxico onde as persoas que queremos unha sociedade verdadeiramente democrática lle fagamos fronte á dinámica tiranizadora, segregacionista e desigualitaria do capitalismo máis inhumano.

Na mañá do sábado, xa no salón de actos da Deputación Provincial, **Mini Rivas** (parlamentario do BNG, músico, activista e mestre no rural), **Alexandra Cabana** (profesora de secundaria en Vilalba, activista da Asociación Cultural A Chave das Noces e promotora da *Revista Galega de Historia Murguía*) e **Moncho Leal** (activista e mestre do rural no Baixo Miño), moderados por **Diego Castro**, actual responsábel de Organización do STEG, falan sobre **A Escola e o Rural na encrucillada**, sinalando a necesidade de coidar e pór en valor un ámbito fundamental na sociedade galega e afrontar os retos pendentes da escola pública no rural. Todos subliñaron a importancia que as escolas do rural teñen para aspectos como a fixación de poboación, a transmisión interxeracional da lingua galega, a sensibilidade paisaxística e medioambiental, etc. Tamén se referiron ás dinámicas polo xeral positivas que eses centros son quen de xerar con outros membros da comunidade en que están encravados e ás oportunidades metodolóxicas, didácticas e pedagóxicas que lle ofrece ao profesorado activo e comprometido un entorno tan rico e variado.

Augusto Serrano, ex responsábel de Política Educativa da Confederación de STES-i e **Branca Guerreiro**, ex responsábel da Secretaría de Mujer de STES-i, inspectora de educación e compañeira do STEG, abordaron o percorrido das diferentes tentativas de pacto educativo ao longo do período democrático aberto coa morte do ditador Franco e ofreceron unha visión sindical deste proceso, así como os elementos que se deberían abordar na Galiza para unha mellora efectiva do sistema educativo (estatus da lingua galega, redeseño dos servizos complementarios de transporte e comedor e atención á diversidade, entre outros). Noutro lugar desta mesma revista pódese ler unha versión necesariamente breve do relatorio exposto por Augusto.

Xa pola tarde, cunha demora de media hora sobre o horario previsto por imponderábeis alleos á vontade da entidade organizadora, que reitera nestas liñas as súas sinceras desculpas

ás persoas asistentes, tivo lugar unha mesa redonda moderada por **Emilio Xosé Ínsua**, escritor, profesor de Lingua e Literatura e membro do STEG en Pontevedra, coa participación dos representantes parlamentares do PSdG-PSOE, En Marea e BNG, **Luis Álvarez**, **Luca Chao** e **Olalla Rodil**, respectivamente, e coa participación tamén de **Jurjo Torres**, profesor da Universidade de A Coruña e especialista en temas educativos. Nesa mesa redonda abordouse o actual contexto da LOMCE e explicáronse as alternativas que cada forza política opón á mesma, así como outros aspectos relacionados coa educación (continuidade ou non dos concertos coa privada, actitude diante da práctica de segregación por sexo nalgúns centros, supresión do programa Preescolar na Casa, etc.) que foron motivo de debate desde o público.

Finalmente, puxeron feche musical ás Xornadas **Uxía Senlle** e **Sérgio Tannus**, que ofreceron un recital delicioso e que foron por iso mesmo moi aplaudidos.

Todos os contidos das Xornadas poden visualizarse nos seguintes enderezos da Rede:

Un resumo das Xornadas, de 2 minutos:

<https://www.youtube.com/watch?v=YqUHLcRr41w>

“Competencias e Competición: A Escola baixo o Control dos Mercados”:

<https://www.youtube.com/watch?v=b-vA5N4w69w&t=130s>

“A Escola e o Rural na Encrucillada”:

<https://www.youtube.com/watch?v=UWkIHwmaJys>

“As capas da Cebola do Pacto Educativo”:

<https://www.youtube.com/watch?v=c0DqfWdotQA&t=345s>

“O Pacto Educativo: Ideas para unha Nova Escola”:

<https://www.youtube.com/watch?v=gTWYOsZaias&t=113s>

sobre o consello escolar de galicia: unha plataforma deturpada.

Xosé Ramos Rodríguez

Membro do Consello escolar de Galicia
en representación dos MRP

O Consello Escolar de Galicia, como os do resto das Comunidades Autónomas, créase como un órgano para a participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa e como órgano de consulta da Administración - Xunta de Galicia - sobre os temas de educación non universitaria. Créase por unha lei específica en 1986, régúlase por Decreto en 1988 e apróbase o regulamento de funcionamento en 1992. No Decreto (44/1988) que o regula - xunto cos demais órganos de participación territoriais e municipais - di no seu artigo 2º: “O Consello Escolar de Galicia é o órgano superior de consulta, de participación dos sectores afectados na programación xeral do ensino e de asesoramento verbo dos proxectos de Lei ou dos regulamentos que fosen propostos ou dictados pola Xunta no ámbito da Comunidade Autónoma”. Esta dupla función tan importante penso que non se está a dar realmente no seu funcionamento actual.

Pero antes de pasar a falar de como está a funcionar será necesario aclarar como está constituído. As figuras que existen son o presidente, o vicepresidente, os conselleiros e o secretario do mesmo.

O Consello Escolar de Galicia, dise na lei, “será presidido polo Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria”. Galicia ten o único Consello do conxunto de Comunidades Autónomas do Estado presidido formalmente pola mesma persoa que dirixe a Consellería. Na realidade non exerce nunca esta función, con ningún Goberno ocorreu, e delega sempre as funcións na vicepresidencia, que exerce realmente a **presidencia** e que se regula como aparece a continuación: “De entre os seus membros elixirase, por maioría simple de votos e a proposta do presidente, un vicepresidente, que substituirá ó presidente nos casos de vacante ou ausencia, coas súas mesmas funcións e prerrogativas. Será nomeado por Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e tomará posesión do seu cargo perante o presidente”.

Ocorre que esta ausencia é permanente, foino sempre e en tódolos casos, e pode ser comprensible; pero fai que o Consello teña unha dependencia formal e real do goberno de quenda. Ademais os usos e rutinas fai que se deturpe o funcionamento; así agora xa se dá por nomeado o vicepresidente polo Conselleiro sen máis trámite, sen votación no Consello, xa que ao ser a súa proposta dáse por ben feita a súa decisión.

O organismo funciona en pleno - con tódolos seus membros - e para a xestión ordinaria, que marca en realidade o rumbo do Consello, en **Comisión Permanente**, que está composta polo presidente, o secretario e cinco vocais: un representando ao profesorado, outro ás asociacións de pais e nais, outro ás administracións locais e dous presidentes de sendas comisións do seo do Consello. Dado que os presidentes destas comisións, así como o secretario, son nomeados polo presidente do Consello, digamos que a **Permanente se configura a vontade da presidencia**, dado que esta nomea tres das sete persoas que a constitúen, que sumando o seu voto xa fai unha maioría.

O pleno do Consello Escolar de Galicia configúrase así:

–Oito profesores dos niveis educativos correspondentes ó ámbito do ensino non universitario de Galicia, propostos polos sindicatos ou asociacións profesionais que, de acordo coa Lei, teñan especial representatividade no sector docente en Galicia. O número de profesores distribuirase da seguinte forma: a) Ensino público: cinco profesores. b) Ensino privado: tres profesores.

–Cinco pais/nais de alumnos/as propostos polas confederacións ou federacións de asociacións de pais/nais de alumnos, en proporción á súa representatividade.

-Tres alumnos/as propostos polas federacións ou confederacións de asociacións de alumnos en proporción á súa representatividade.

-Dúas persoas representantes do persoal de administración e servizos dos centros docentes do ámbito non universitario, designadas polas centrais sindicais que, de acordo coa lexislación vixente, teñan a consideración de máis representativas en Galicia.

-Dúas persoas titulares de centros privados, designadas polas organizacións empresariais correspondentes en proporción á súa representatividade.

-Tres persoas representantes propostas polas centrais sindicais que, de acordo coa lexislación vixente, teñan a consideración de máis representativas en Galicia.

-Dúas persoas representantes propostas polas organizacións empresariais que, de acordo coa lexislación vixente, teñan a consideración de máis representativas.

-Tres profesores/as propostos polos movementos de renovación pedagóxica de Galicia legalmente recoñecidos e en atención á súa representatividade.

-Seis persoas representantes da Administración educativa designadas polo Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

-Cinco vocais en representación dos Consellos Escolares territoriais.

-Oito persoas representantes da Administración local, propostas polas federacións ou asociacións de concellos.

-Dúas persoas representantes da Universidade propostas polo seu máximo órgano de goberno.

-Dúas personalidades de recoñecido prestixio no campo da educación, propostas polo Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

-Unha persoa representante do Seminario de Estudos Galegos, proposta polo seu órgano de representación.

-Unha persoa representante do Consello da Xuventude de Galicia.

Temos, polo tanto, un organismo moi numeroso - sen entrar neste artigo a valorar a súa representatividade efectiva - que, se engadimos as figuras do presidente e secretario, contabiliza 55 membros.

Trátase dun número suficiente para significar, polos organismos e institucións que representa, unha acumulación de forzas e de visións do sistema educativo nada desprezables. É, pois, un órgano de indubidable potencialidade que debería ter un enorme peso e significatividade nos seus ditames e pronunciamentos. Ao ser un órgano consultivo e moi plural - as súas decisións non obrigan á Administración aínda que para aprobar os Decretos sexa obrigatorio contar cos seus ditames - é un extraordinario lugar para coñecer a opinión dos distintos sectores educativos e que entre eles se contrasten as diferentes posicións e mesmo intereses, sendo de indubidable valor as súas resolucións.

Nestas tres lexislaturas do Partido Popular, porén, só fixo as reunións imprescindibles por lei: as ordinarias e para a aprobación dos Decretos obrigados para a posta en marcha da LOMCE. Non existiron debates sobre a nova lei, nin consultas, nin fixación de posicións; e cando algún membro, como o que subscribe, o solicitaba apelouse sempre á non obrigatorio estrita; por exemplo cando solicito debater sobre a LOMCE no Consello Escolar de Galicia, négase por ser unha lei orgánica competencia exclusiva do Estado. Así de burdo.

Nestes últimos anos, de tantos e tan controvertidos cambios, están facéndose 2 ou 3 plenos ao ano, caracterizados polas seguintes dinámicas:

- Só se tratan as cuestións de trámite obrigado, os Decretos; e tamén as de funcionamento estrito do Consello: a memoria e un informe anual do estado da educación en Galicia, o último sobre o funcionamento das Bibliotecas.

- Nos Decretos, que é obrigatorio ditaminar, pasa o seguinte:

- *Non se teñen en conta as modificacións - escasas dende logo - que se aproban no Pleno do Consello.

- *Nin se explica pola Administración por que se ignoran.

- *Cando abrumadoramente se recomentan aspectos concretos, por exemplo que na FPB non poda excederse unha ratio de 15, como nos anteriores PCPI, ignórase olímpicamente e déixanse os 30 do texto inicial (Na orde que desenvolve o Decreto establece como referencia os 21 alumnos, pero no Decreto seguen os 30).

- *Pero se, pola contra, se rexeita íntegro un Decreto, pasou por exemplo co Decreto do currículo de ESO e Bacharelato, os representantes da Administración din na prensa que o Consello se nega a debater (!).

Outra característica de funcionamento é a precipitación. Sirva como exemplo que o Decreto de Primaria foi analizado o día 25 de xuño de 2014 - en 13 días fíxose o traballo de todo un ano! - rexeitando a precipitación e a falta de iniciativas que paliasen minimamente os aspectos máis deficientes do Decreto do Ministerio, como a desaparición dos ciclos, os efectos das avaliacións externas, a perda de interdisciplinariedade ou o deficiente tratamento á diversidade. Tampouco desta vez se aprobaron as emendas á totalidade, e seguiu-se cunha tramitación acelerada que deu como resultado que o Decreto de Primaria aparecese o día 9 de setembro e o curso se iniciase o día 10. Vaiche boa a preparación razoable do curso adaptado ao novo Decreto!

Tal é a pobreza do funcionamento que na memoria anual do Consello, que normalmente se aproba por unanimidade, este ano foi aprobada con numerosísimas abstencións, non por mentir ou terxiversar, senón como actitude simbólica de protesta pola falta de iniciativas nun momento de tanto debate social sobre a educación. Loxicamente a memoria non podía recoller algo que non se tiña celebrado, por iso o membro de NEG presente no Consello manifestou que a súa protesta consistiría en absterse na aprobación da memoria, iniciativa que foi seguida por numerosos conselleiros.

Como exemplo desta atonía pode valer que os únicos dous plenos celebrados no ano 2016 serviron para poñer de manifesto a falta de debate. Cando se estaba poñendo en marcha, e tamén en cuestión, a LOMCE, só se trataron cuestións de trámite obrigado pero de escasa relevancia sociopolítica, como son os Currículos de diferentes Ciclos de Formación Profesional.

Por contraste, na etapa de Goberno anterior, co chamado “bipartito”, o Consello Escolar tivo unha presenza moito maior e un papel moito máis relevante. Vexamos por que:

- Deuse a coñecer ás comunidades educativas o propio organismo e posteriormente animouse a participación nas eleccións aos Consellos Escolares dos centros, fixéronse reunións en tódalas cabeceiras de comarcas e creouse unha vía de asesoramento para as Comunidades Educativas dos Centros.
- Tivo unha visibilidade moitísimo maior e unha importancia descoñecida ata o momento. Nótese a expectativa que crearon os informes, lembremos como exemplo o Decreto do Bacharelato que estivo rodeado de diversas mobilizacións cando se debateu no Pleno.
- A Administración tivo en consideración máis do 80% das recomendacións e achegas que se formularon nos ditames por parte do organismo.
- Por outro lado o Consello Escolar de Galicia despregou unha actividade de encontros e xornadas, tamén novedosas: sobre a Memoria histórica en educación, sobre as competencias básicas, sobre a participación, etc. e mesmo reunións sectoriais con diversas institucións para pulsar as súas demandas e expectativas a respecto do Consello.
- Mesmo fixéronse informes, non preceptivos por estaren relacionados con algunha norma, como foron un sobre competencias básicas dirixido á propia Consellería de Educación e outro sobre o Estatuto de Autonomía, para presentar á comisión constituída a tal fin no Parlamento de Galicia.

• Tamén se elaborou e fixo público un informe sobre a participación dentro do noso sistema educativo, que tivo como colofón unha xornada, o 17 de novembro de 2007, de máis de 300 representantes nos consellos escolares dos diversos sectores. Complementouse esta iniciativa cunha serie de consultas a todos os sectores educativos recadando ideas para incrementar esa participación.

• Creouse unha praza de asesor do mesmo, para facilitar o proceso de debate e a posibilidade de asesoramento e de xeración de estudos breves, e que posibilitaba unha dinámica interna e o desenvolvemento de iniciativas institucionais. En tan pouco tempo conseguiu-se, por exemplo, presentar as memorias anuais que, sendo legalmente preceptivas, non se facían ata o momento, ou presentar o organismo en multitude de cidades e vilas ou propiciar un debate sectorial sobre a participación. A supresión desta praza é unha medida inexplicada e inexplicable se temos en conta ademais que será o de Galicia o único Consello Escolar das Comunidades Autónomas que non teña técnicos, cando xa era, con só un, o de persoal máis reducido.

Este contraste entre o que se fixo nese breve período e a situación actual debe servir para poñer de manifesto as posibilidades do organismo e a oportunidade que se perde. Como reflexión final quero dicir que a actual actitude de desprezo ao Consello Escolar envía á sociedade unha visión da democracia limitada ás consultas electorais. Efectivamente estas lexitiman o exercicio do poder, pero o labor lexislativo deber ser permeable á opinión da sociedade nos temas concretos - para iso existen os órganos de participación - e facelos inútiles é empobrecer a democracia mesma.

o (im)posíbel pacto pola educación: pasado, presente e futuro

Augusto Serrano,

Mestre e activista pola escola pública.

Foi Coordinador de Política Educativa de STES-i e membro do Consello Escolar do Estado

Tralas fortes mobilizacións de rexeitamento á LOMCE e co goberno en minoría tralas eleccións xerais de 2016, a reivindicación dun pacto pola educación, que figuraba en todos os programas electorais, é xeneralizada. E o Congreso constituíu en febreiro de 2017 a Subcomisión de Educación, que traballa “para a elaboración dun gran Pacto de Estado Social e Político pola Educación” que sirva “de base para que o Goberno elabore un proxecto de Lei Básica de Educación, que substitúa a lexislación vixente e que naza coa vocación de estabilidade a partir dun amplo acordo parlamentario e social”. Está prevista a comparecencia de máis de 80 persoas, das que xa compareceron 40. Cada unha fai un diagnóstico da situación e realiza as propostas que considera para a mellora do sistema educativo. Ten previsto terminar os seus traballos antes do verán, aínda que é posíbel que os prolongue ata final de ano.

Nesta Subcomisión preséntanse propostas contraditorias e sen nin sequera insinuar a posibilidade de consenso, polo que parece moi difícil que alcance o seu obxectivo. O Pacto, tal e como se pretende, é (im)posíbel... Para explicar esta afirmación e para poder comprender o que vén, o futuro, é necesario coñecer o pasado e o presente do Pacto.

o pasado

Hai quen sinala que o artigo 27 da Constitución (1978) constitúe o vixente pacto pola educación, froito do consenso que imperaba neses anos. Creio que non foi así, a Constitución, como todo, é froito do seu tempo, dun tempo de ilusión pola democracia, pero tamén de medo polos militares e fascistas incrustados nas institucións e con presenza nas rúas.

Desde entón elaboráronse 9 leis educativas, e tralos primeiros anos 80 sempre se reclamou, desde uns sectores ou outros, un pacto pola educación. Ata o momento actual que é case un clamor... Nestes anos houbo tres intentos de Pacto.

O primeiro intento que se fixo foi hai 20 anos. Asinouse a “Declaración conxunta en favor da educación” (1997), promovida pola “Fundación Encuentro”. Este texto foi un intento de que a educación se afastase da diverxencia política e fose unha cuestión de Estado. Os STES non a subscribimos, pese a contribuír á súa elaboración, polo recoñecemento explícito dos concertos (empézase a utilizar o termo “centros sostidos con fondos públicos”, coma se todos os centros fosen iguais na súa xestión, na súa selección do profesorado, do alumnado...) e o mantemento da relixión.

O segundo intento de pacto apareceu en setembro de 2004, e como contraposición á LOCE (2002) do PP, cando o MEC, con goberno socialista, presentou o documento “Una Educación de calidad para todos”, no que se afirmaba que o ministerio “comprométese a promover o máximo consenso en torno ás decisións que finalmente se adopten, no convencemento de que o maior beneficio para a educación española nos próximos anos sería o derivado dun acordo político e social que abra o camiño á estabilidade do sistema educativo”. É a primeira vez que un goberno reclama consenso de forma tan clara e explícita, e, ao mesmo tempo, propiciando o debate do documento.

Esta foi unha época de pactos. Hóuboo en Catalunya, pero faltou o sindicato máis representativo do ensino, USTEC-STEs. Despois en Andalucía, onde tampouco asinou USTEA. E pouco despois en Extremadura, sen a sinatura do STE-Ex. Hai que sinalar que a oposición política non asinou ningún destes acordos, que só serviron para desanimar o profesorado que vía como pactaban ás súas costas e non se tomaban medidas para mellorar o ensino.

E no ámbito estatal, algunhas organizacións, entre elas CEAPA, FERE-CECA, CC.OO. e FETE-UGT, e algunhas personalidades do mundo educativo, iniciaron unha negociación para alcanzar un pacto nos aspectos máis conflictivos da futura lei. E isto foi un erro, reuníronse unhas cantas organizacións e excluiron ao resto, ás que lle presentaron un auténtico “trágala”.

STEs, coñecido o acordo, fixo público o seu rexeitamento polas mesmas razóns que o anterior e algunhas máis. Ao final non houbo acordo.

Pero o Pacto real foi a LOE (2006); durante a súa tramitación incluíronse as propostas que contiña o pacto, pese a que a dereita educativa estaba dividida, con dúas voces, unha a FERE que estaba pactando co PSOE, e outra a Concapa e a xerarquía eclesiástica, que estaba co PP axitando a rúa.

Os constantes ataques á LOE, ao sistema educativo deseñado na LOXSE e ao profesorado por parte da dereita mediática, facendo eco ao PP e á xerarquía eclesiástica, fixeron que o goberno nomease ministro (abril, 2008) a Ángel Gabilondo, que chegou ao Ministerio precedido do respecto intelectual de moita xente e co encargo de alcanzar o pacto pola educación; pacto polo que traballou moito, pero sen atreverse a tocar dous dos problemas fundamentais que crean outros moitos problemas no ensino, os centros concertados e a relixión na escola, e o pacto tampouco foi posíbel.

o presente

É o período que vivimos de oposición á LOMCE e aos recortes do PP. Vén marcado pola vixente lexislación que se elaborou no pasado, entre a que destacan estes aspectos referidos ao pacto.

1. Temos un sistema dual de ensino (público/concertado), que vén desde a aprobación da LODE (1985), e afiánzase coa LOE (2006) e coa LOMCE (2012).

A Constitución, no art. 27.9., di que “*os poderes públicos axudarán aos centros docentes que reúnan os requisitos que a lei estableza*”; con todo, a Lei Orgánica do Dereito á Educación (LODE), implantou o sistema de concertos económicos cos centros privados, convertendo o “axudarán” en gratuidade total. Coa LODE, cos concertos, iníciase realmente a mercantilización do ensino no noso país. Iniciouse entón e agora quérese entregar o ensino aos mercados, introducindo tamén as formas de xestión privada nos centros públicos, empezando polos de Ed. Infantil.

Avánzase na privatización coa Lei Orgánica de Educación (LOE), pois no seu artigo 108.4 dise que “*A prestación do servizo público da educación realizarase, a través dos centros públicos e privados concertados*”. Con isto o Estado abandona unha das súas obrigas e o goberno sáltase a Constitución que di no seu art. 27.5 que “*Os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación*”. Os centros privados concertados non poden garantir un dereito fundamental como é a educación, pois o seu obxectivo é gañar diñeiro ou adoutrinar, ou ambas cousas á vez; este dereito só pode garantilo o Estado.

Coa normativa actual permítese privatizar o ensino, como nos demostra o que vén ocorrendo tras a LOE. Regálanse terreos a empresas privadas que constrúen centros que nacen xa concertados, permíteselles cobrar ás familias por diferentes conceptos e vías, permíteselles seleccionar o alumnado e derivar á rede pública ao que consideren problemático; permíteselles, como ao resto de empresas, violar os dereitos dos/as traballadores/as. Permíteselles, en definitiva, actuar sen practicamente ningún control.

2. O Concordato de España co Estado do Vaticano (1979) di que os plans educativos “*incluirán o ensino da relixión católica en todos os centros de educación, en condicións equiparábeis ás demais disciplinas fundamentais*”.

A liberdade de conciencia dos/as nenos/as e mozos/as non se respecta na Constitución, o art. 27.3. di que “*Os poderes públicos garanten o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións*”, coma se os/as fillos/as fosen unha propiedade dos/as pais/nais que os poden modelar ao seu gusto. Isto vai contra a Declaración dos Dereitos da Infancia (1959), que di no seu art. 14.1. que “*Os estados partes respectarán o dereito do neno á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión*”. Que a liberdade de conciencia e relixión non se respecte non debe presupoñer que os centros deban ofertar relixión nin que se deba pagar con diñeiro público o ensino da relixión, isto son interpretacións que se fan polas partes interesadas e que figuran nos acordos co Vaticano que deben ser derogados para avanzar no respecto aos dereitos de nenos e nenas.

Trala LOMCE, a relixión segue sendo materia obrigatoria nos centros, e agora con valor para bolsas de estudo e con materia alternativa.

3. A igualdade de oportunidades non se fai efectiva coa lexislación actual, e moito menos a gratuidade e a necesaria compensación de desigualdades, nin era un tema que os intentos de pacto reflectisen e concretasen. A día de hoxe, no Estado español

hai entre un 23% e un 24% de pobreza infantil, segundo a OCDE (2017), mentres que a media da OCDE é a metade.

As políticas de recortes a quen máis afectan é aos nenos/as e mozos/as que padecen este risco. Comezando pola falta de atención pública ao ciclo educativo 0-3, maioritariamente en mans de empresas privadas, e seguindo polo prezo dos libros e do resto do material escolar, contravindo o principio constitucional de que o ensino básico é obrigatorio e gratuito (27.4), continuando coas taxas da FP e da Universidade e coa “oferta” de actividades de pago nos centros, sobre todo nos privados concertados. O alumnado recibe as súas ensinanzas nos centros en peores condicións que antes; máis alumnado nas aulas, menos profesorado, menos atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, desaparición de programas de apoio e reforzo, de plans de convivencia, a subida do IVE ao material escolar, a drástica diminución das bolsas de comedor... marcan o noso sistema escolar.

o futuro

Cando desde a comunidade educativa se perciben, xunto ao resto da sociedade, posibilidades de cambio político e a posibilidade real da chegada ao goberno de partidos que estaban comprometidos a derrogar a LOMCE e a reverter os recortes, o Foro de Sevilla, como promotor, e diferentes organizacións, entre elas os STEs-i, inician en outubro de 2014 un movemento tendente a conseguir un documento consensuado polas organizacións da comunidade educativa e partidos políticos que sirva como base para a lei que debería reempazara a LOMCE.

O “Documento de Bases para unha nova Lei de Educación” é un amplo compendio de propostas de mellora do sistema educativo; propostas que poden converterse en lexislación a maioría parlamentaria o permite. O seu contido pode verse na web porotrapoliticaeducativa.org. Este documento está asinado por máis de 30 organizacións e partidos,

entre os que hai que citar o PSOE, Podemos e IU. Entre as organizacións asinantes, non hai ningunha do que poderíamos chamar a dereita educativa.

Hai que sinalar que á hora da súa sinatura, os STEs-i tivemos dúbidas de se facelo ou non, pois hai algúns temas, como a reivindicación do Estatuto, o acceso e a avaliación/acreditación de méritos do profesorado, que non nos gustan, pero fixémoslo en prol do consenso pola escola pública.

Doutra banda, diferentes organizacións e sindicatos que reclamaron a sinatura do Pacto están moi cómodas coa situación actual, e, xa que logo, piden non entrar en temas conflitivos, como os concertos e a relixión, para alcanzar o pacto.

E aí está o problema que intento sinalar no titular deste artigo, á vez que intento resumir as dúas posibilidades que existen: o (im) posíbel pacto.

A primeira, o “imposíbel” pacto escolar de quen pretenden que se queden fóra de debate a relixión na escola e os concertos educativos cos centros privados, o que supón que parten de blindar tanto a presenza da relixión na escola como a existencia de concertos coa escola privada. A presenza da relixión en horario escolar supón que a escola contribúe a non respectar a liberdade de conciencia do alumnado, e que os centros deben ofertar outra materia ou nada durante as horas que o alumnado cuxos pais queren clase de relixión a reciben. Deixar fóra do debate os concertos supón que se deixa fóra o problema do financiamento con diñeiro público de centros que, na súa inmensa maioría, 1) teñen un ideario, polo xeral relixioso, que hai que compartir para asistir ao centro, polo que é excluínte; 2) cóbranlles aos pais/nais por diferentes conceptos, o que limita o acceso a quen poidan pagalo, isto convérteos en centros que discriminan; 3) procuran, salvo honrosas excepcións, “desfacerse” do alumnado problemático, aínda que os seus pais/nais compartan o ideario e paguen. Este é o “imposíbel” pacto para as organizacións que defendemos a escola pública, integradora e laica.

O pacto “posíbel” é a segunda posibilidade que existe. É posíbel alcanzar un Pacto pola Escola Pública, un pacto que implique que os poderes públicos potencien o ensino público de tal forma que a oferta existente en todos os pobos e cidades sexa capaz de cubrir toda a demanda das familias. Un pacto social e político para unha escola pública de calidade, equitativa, inclusiva, integradora, igualitaria e respectuosa coas linguas e culturas propias de cada territorio e coas diferenzas individuais, sociais e de sexo, laica e gratuítas. O Consello Escolar do Estado aprobou na súa sesión plenaria de 2014, a proposta de STEs-i en que se reclamaba este tipo de Pacto, e fíxoo por ampla maioría (45 a favor, 17 en contra e 7 abstencións).

Educación en democracia e educar para a democracia, con calidade e equidade, son obxectivos compartidos por todo o mundo e recollidos na lexislación, pero a realidade é que non é así, pois na base do sistema educativo faltan os dous principios nos que debe asentarse a educación, xa que son dereitos de todas as persoas: o dereito á liberdade de conciencia dos nenos/as e dos mozos/as e o dereito á igualdade de oportunidades, que implica gratuidade, e unha efectiva educación compensadora de desigualdades.

Neste pacto non estarían quen defenden a relixión e os concertos, pero si a maioría social que quere a escola pública, o que fai falta, e moito, é conseguir unha maioría parlamentaria que faga lei estes principios.

E aínda tendo a maioría parlamentaria, este Pacto haberá que defendelo na rúa, con mobilizacións, pois nin a dereita nin a igrexa católica van permanecer quedas cando vexan que se empeza a alcanzar este Pacto, cando vexan que os seus privilexios pódense acabar.

acceso diferenciado como solución

Isabel González López
(SUATEA)

Tal e como se veu denunciando, a partir do ano 2010 e sobre todo desde 2011, os gobernos central e autonómicos impuxeron intensos recortes de profesorado interino, así como fortísimas limitacións ás ofertas de emprego público docente e polo tanto ás convocatorias de oposicións. Un golpe en toda regra ao emprego e á estabilidade: menos profesorado e cada vez unha porcentaxe maior en situación de interinidade e con moitos cursos de experiencia docente acumulada.

Por iso, é preciso acordar medidas que permitan recuperar o emprego público docente tan fortemente recortado e diminuír a precariedade e as elevadas taxas de interinidade no emprego docente, eliminando os límites na taxa de reposición de efectivos e favorecendo un novo sistema de ingreso docente negociado, un novo modelo que permita consolidar o emprego do profesorado interino con experiencia e que dea resposta ás necesidades dos aspirantes novos titulados.

Para iso, defendemos un sistema de acceso diferenciado á Función Pública Docente. Un novo sistema de ingreso e á vez un programa plurianual de convocatorias amplas e negociadas de emprego público que permitirían consolidar o emprego ao profesorado interino que vén traballando curso tras curso e, á vez, reservar prazas para os novos titulados.

Nesta liña, os STEs defenderemos no futuro Pacto Educativo, ademais dos consensos sobre unha nova Lei Orgánica de Educación e sobre a derogación dos recortes, unha solución que dea resposta ás lexítimas aspiracións do profesorado interino con experiencia. O noso sindicato, ademais, tratará de forxar plataformas unitarias cos colectivos de profesorado interino e sindicatos docentes para defender ante as Administracións educativas as nosas propostas para a consolidación do emprego do profesorado interino.

A constitucionalidade dos modelos de ingreso excepcionais e os sistemas transitorios para o acceso docente poden abordarse desde dous aspectos ou planos distintos: se o consideramos coma un procedemento selectivo transitorio e excepcional ou se o consideramos coma un procedemento selectivo ordinario e, xa que logo, permanente.

O “acceso diferenciado”, ou “dobre vía”, como procedemento excepcional e transitorio.

Neste suposto terían que convivir durante un tempo determinado, para prazas de iguais características, pero perfectamente diferenciadas, as que se ofertarían a un e outro procedemento: un procedemento xeral (regulado actualmente na vixente disposición adicional duodécima da LOE), ao que se poderían presentar os/as aspirantes que carecesen de experiencia docente; e un procedemento especial, ao que podería presentarse o profesorado interino.

Este segundo procedemento, que restrinxiría o seu ámbito de aplicación aos aspirantes con experiencia docente e que tería características distintas das do procedemento xeral (as probas da fase de oposición non terían carácter eliminatorio e valoraríase a experiencia docente ata un 45% da puntuación total), reuniría as características das chamadas “probas restrinxidas”, porque só podería presentarse a ese procedemento selectivo especial o colectivo de profesorado interino.



Sobre este tipo de probas, está xa sobradamente fixada a doutrina do Tribunal Constitucional, recollida fundamentalmente na sentenza 27/1991: *“O dereito á igualdade no acceso á función pública supón unha limitación fundamental á práctica das chamadas “probas restrinxidas” para o acceso á función pública, as cales, en xeral, han de considerarse un procedemento proscribido polo artigo 23.2 CE, aínda que non cabe excluír que en determinados casos excepcionais, a diferenza de trato establecida na Lei a favor duns e en prexuízo doutros poida considerarse como razoable, proporcionada e non arbitraria, sempre que dita diferenciación se demostre como un medio excepcional e acaído para resolver unha situación tamén excepcional, expresamente prevista nunha norma con rango de Lei e co obxecto de alcanzar unha finalidade constitucionalmente lícita, entre as que se integra tamén a propia eficacia da Administración Pública.”*

O Alto Tribunal acepta a constitucionalidade deste tipo de procedementos selectivos - non habería infracción ningunha do artigo 23.3 CE - sempre que concorran tres condicións ou requisitos:

- i. que se trate de resolver unha situación excepcional.
- ii. que se acuda a este procedemento por unha soa vez (o procedemento excepcional regulado na LOXSE fíxose por unha soa vez, pero en tres convocatorias).
- iii. que dita posibilidade estea prevista nunha norma con rango de lei.

Para poder defender a regulación dun procedemento excepcional é necesario, xa que logo, atopar a xustificación da existencia dunha situación excepcional, á que viría dar solución tal procedemento. Podería considerarse como unha situación excepcional a entrada en vigor dunha nova Lei reguladora do sistema educativo, sobre todo se esa Lei é froito dun gran consenso social? Podería considerarse situación excepcional o considerable número de interinos e interinas existentes actualmente nalgunhas Comunidades Autónomas? Podería selo.

De feito, este foi, ademais de que a LOXSE supoñía unha ampla reordenación do sistema educativo “ata ben entrado o próximo século” (dicía o Tribunal Constitucional), un dos motivos recollidos nunha das sentenzas do Tribunal

Constitucional sobre o procedemento excepcional previsto na disposición transitoria quinta da LOXSE para declarar a constitucionalidade daquelas tres primeiras convocatorias de ingreso na función pública docente. En primeiro lugar, porque o trato de favor concedido aos aspirantes que con anterioridade desempeñasen tarefas docentes como profesorado interino *“posúe un carácter excepcional e deriva dunha circunstancia vinculada a unha finalidade constitucionalmente lícita, como é a de normalizar a situación do persoal ao servizo das Administracións educativas e mellorar a súa cualificación”* (STC 11/1996, de 29 de xaneiro). Este motivo, a normalización da situación do numeroso persoal interino, foi tida en conta tamén para declarar a constitucionalidade dos procesos selectivos doutros corpos funcionariais.

Posteriormente, a LOE, aínda que estableceu o concurso-oposición - ou máis ben oposición-concurso - como forma xeral de ingreso na función pública docente, previu tamén, aínda que de forma transitoria durante os anos de implantación da Lei, un procedemento selectivo no que se valorase na fase de concurso *“a formación académica e, de forma preferente, a experiencia docente previa nos centros públicos da mesma etapa educativa, ata os límites legais permitidos”*. Á súa vez, a fase de oposición constaba dunha soa proba. E este procedemento transitorio facíase coa mesma finalidade que na lei anterior: *“a redución da porcentaxe de interinos e interinas nos centros educativos, de maneira que, no prazo de catro anos desde a aprobación da Lei, non se excedan os límites máximos establecidos de forma xeral para a función pública.”* Esta situación, a sobredimensión do persoal interino, volvémosla a ter na actualidade.

Por iso, non é descabelado en absoluto defender outra vez a aprobación dun procedemento excepcional de ingreso na función pública docente co fin de reducir o profesorado interino. En todo caso, para defendermos este procedemento excepcional (convocatoria por unha soa vez dun procedemento especial, aínda que cando entrou en vigor a LOXSE, permitiuse que se fixese en tres convocatorias, e coa LOE en cinco anos), sería necesario atopar a causa do mesmo: a situación tamén excepcional que viría resolver o procedemento selectivo excepcional. Ademais, o procedemento tería que regularse mediante unha lei.

1.DE ONDE VIMOS

ÁMBITO DE XESTIÓN DO MEC (Comunidades que acadaron as competencias en Educación pola “vía lenta”)

ATA 1994: Listas de profesorado interino ordenadas por antigüidade e outros méritos (formación académica e permanente). Non se consideraba a nota obtida nos procesos selectivos.

1994: ACORDO MEC-ANPE: Listas por bloques determinados polo número de probas superadas nos procesos selectivos e a cualificación obtida.

2000: Conclúe a asunción de competencias (agás Ceuta e Melilla). Comezan a negociarse acordos autonómicos de profesorado interino inspirados maioritariamente no acordo de 1994.

COMUNIDADES AUTÓNOMAS QUE ACADARON COMPETENCIAS POLA “VÍA RÁPIDA”. Non se viron afectadas polo acordo MEC-ANPE de 1994. A maioría continúa ordenando as listas por antigüidade como criterio preferente (agás Canarias e Nafarroa).

2.COMPETENCIAS AUTONÓMICAS

COMPETENCIAS AUTONÓMICAS POR “VÍA RÁPIDA” (Constitución Española, art. 151)	COMPETENCIAS AUTONÓMICAS POR “VÍA LENTA” (Constitución Española, art. 143)
CATALUÑA	ASTURIAS
ANDALUCÍA	CANTABRIA
EUSKADI	CASTELA-LEÓN
GALIZA	ESTREMADURA
COMUNIDADE VALENCIÁ	MADRID
CANARIAS	CASTELA A MANCHA
NAFARROA	REXIÓN DE MURCIA
	ARAGÓN
	A RIOXA
	ILLES BALEARS

3.BAREMO DE MÉRITOS

EXPERIENCIA:	NOTA DE OPOSICIÓN:
CEUTA E MELILLA: ata un máximo do 70%	CEUTA E MELILLA: ATA UN MÁXIMO DO 40%
REXIÓN DE MURCIA: 60%	REXIÓN DE MURCIA: 40%
CASTELA-LEÓN: 55%	CASTELA-LEÓN: 25%
A RIOXA: 50%	A RIOXA: 30%
ESTREMADURA: 47.5%	ESTREMADURA: 30%
MADRID: 45%	MADRID: 45%
ARAGÓN: 45%	ARAGÓN: 30%
CANARIAS: 40%	CANARIAS: 40%
ASTURIAS: 40%	ASTURIAS: 40%
CASTELA A MANCHA: 40%	CASTELA A MANCHA: 40%
NAFARROA: 37.5%	NAFARROA: 37.5%

4. FORMACIÓN DE LISTAS NA ACTUALIDADE

POR ANTIGÜIDADE	POR BAREMO DE MÉRITOS (antigüidade, nota de oposición e outros méritos)
EUSKADI	
GALIZA	LISTA ÚNICA: Asturias, Castela-León, Castela A Mancha, Extremadura, Madrid, Ceuta, Melilla, A Rioxa, Canarias
ANDALUCÍA	
VALENCIA	DÚAS LISTAS: Aragón, Rexión de Murcia e Cantabria.
CATALUÑA	
ILLES BALEARS	TRES LISTAS: Nafarroa

a liberdade de expresión e o politicamente correcto

Rubén Álvarez

LOS niños tienen pene.
Las niñas tienen vulva.

Que no te engañen.

Si eres hombre eres hombre
Si eres mujer eres mujer

aulas libres

21

Non podo negar que a recente condena a un ano de prisión para César Strawberry, polos seus seis tweets facendo burla con pseudo ameazas terroristas e atentados, me pareceu unha auténtica esaxeración.

Recordoume un pouco ao caso de Guillermo Zapata, vilipendiado por facer catro chistes malos sobre o mesmo tema ao tempo que nos tinguíamos de Je suis Charlie esixindo liberdade de expresión. Os límites do humor variaban en función do obxecto da mofa, porque os musulmáns son todos uns radicais e non saben entender un chiste pero nós, erixidos na verdade absoluta que nos outorga a nosa condición de occidentais, si que somos capaces de discernir entre un bo chiste e unha pasada de freada que merece a crucifixión.

Hai poucos días, a fiscalía de Las Palmas abriu dilixencias contra Drag Sethlas a instancias da denuncia presentada por outra asociación cristiá, por un delito contra os sentimentos relixiosos. O seu delito foi proclamarse Drag Queen do Carnaval de Gran Canaria cunha vestimenta e un show que non gustaron a todo o mundo.

Tamén nos últimos tempos está a ocupar as portadas dos xornais un autobús con mensaxes homófobas que xa coñecedes de sobra e non vou repetir agora. Igualmente, a organización ultra católica Hazte Oír foi obrigada polo xuíz a retirar as mensaxes ofensivas para que o autobús continuase circulando. Ao final puxéronlle uns interrogantes e seguirán a marcha, que xa me contaredes en que cambiou o conto, pero ese non é o tema agora.

Ben certo é que a mensaxe que transmite o autobús da polémica paréceme repulsiva e ben certo é, tamén, que me encantaría que non existisen persoas que pensasen dese xeito. Pero non se trata do que eu considere correcto, senón de decidir se unha persoa, física ou xurídica neste caso, ten ou non ten o dereito a dicir publicamente o que lle pete, ofenda a quen ofenda.

Podemos criticar, podemos opinar, podemos considerar que unha afirmación é lamentable e que retrata perfectamente a quen a di. O que non podemos facer é utilizar a legalidade para limitar o que se pode ou non se pode dicir, cando o que se está a manifestar non é máis que unha opinión persoal expresada como tal, por moi contraria que sexa á nosa. E moito menos aínda, podemos pensar diferente ante situacións similares segundo quen faga as afirmacións ou segundo se o chiste nos fai máis ou menos graza. A subxectividade nunca debería influír na xustiza ou entraremos nun terreo perigoso do que dificilmente poderemos escapar impunes.

Se utilizamos a Lei Mordaza no noso propio beneficio cando non nos gusta escoitar o que nos din, estamos a xustificar a súa existencia e polo tanto deixamos de estar lexitimados para pedir a súa derogación. Sei que é difícil, pero hai que estar por enriba destas situacións e ser capaces de esquivar as provocacións dun xeito máis elegante que a prohibición. Noutro caso, non seremos moito mellores ca eles.

entrevista con valentina formoso

Emilio Xosé Insua

Nada en Ribadomar-Outes e licenciada en varias Filoloxías, Valentina Formoso é unha das persoas de referencia no ámbito da normalización da nosa lingua, mercé á súa constante e variada actividade nese campo e ao seu clarificador estudo *Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico* (Eds. Xerais, 2013). Vinculada á xa infelizmente disolta Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL), quixemos conversar con ela sobre as razóns que levaron a esa disolución, sobre o estado actual do idioma e sobre a vixencia dalgunhas das propostas que ela mesma colocou na obra antecitada despois de levarmos varios anos de ferreña aplicación do mal chamado decreto de plurilingüismo.

Antes de máis, aínda que talvez non che resulte agradábel andar a remover no tema, queremos preguntarche polo contexto e polas razóns desa disolución da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, aprobada na xuntanza que celebrou o 23 de setembro de 2016.

As razóns da disolución creo que están en relación co contexto. En realidade a CGENDL disolveuse pola inexistencia dunha candidatura ao Consello directivo que viñese substituír ao que eu encabezaba desde 2009. Durante o curso 2015-2016, desde o consello directivo xa avisamos que non íamos renovar máis e que esperabamos que se presentase alguén para continuar co proxecto, mentres nós quedabamos en funcións, xa sen unha programación deseñada coma os outros anos. Estivemos ese curso e aínda fomos facendo algunha cousa, como unha videoconferencia para o Día da Ciencia, que nos demandaban as escolas; a colaboración nos Encontros do Consello da Cultura; a difusión de actividades dos Equipos, a presenza nas redes... Mais xa non se podía máis. Das persoas que conformabamos ese consello directivo, catro levabamos desde 2009 mallando a diario, era moito tempo. Varios membros foron mudando pero mesmo nos que levaban menos tempo tamén había cansazo e problemas persoais que impedían que puidesen seguir. Ese era o contexto na contorna próxima. Daquela, resumindo: non se presentaron candidaturas, non houbo posibilidade de continuar, houbo que disolver.

A razón de que non xurdiran candidaturas? Iso habería que preguntarllo ás persoas que están en Equipos polo país adiante e non deron un paso adiante. Mais creo que ten que ver co contexto no que nos movemos que acaba sendo o do enorme cansazo e, se cadra tamén, da perda da ilusión.

Que número de equipas e que comarcas do país chegastes a coordinar en todo o período de funcionamento? Que aspectos, positivos ou negativos, salientarías da experiencia?

Isto é difícil de calcular para dar un número exacto precisamente polo propio funcionamento das comarcas e dos equipos. Houbo comarcas que estiveron funcionando desde o principio da Coordinadora, mesmo algunha - como a do Barbanza, a de Santiago ou a do Salnés - existían desde antes. A verdade é que o impulso realizado para activar as coordinadoras comarcais foi moi importante e deu moi bos froitos. Así naceron algunhas que perduraron no tempo, a do Morrazo, Terra de Melide, Coruña, Umia, A Estrada ou a do Carballiño. Outras tiveron efecto Guadiana, apareceron un ano ou dous, desapareceron ao curso seguinte, nalgúns casos volveron rexurdir, estou pensando na de Verín ou na do Deza. As causas do mantemento, ou non, adoitaban estar ligadas á existencia, ou non, de persoas que asumisen a coordinación. De igual xeito pasa co número de equipos que formaron parte das coordinadoras, que tamén varía de ano a ano, neste están sete centros e para o ano dez, pero non só se





ORGULLOS DO NOSO
ORGULLOS DO GALEGO

Olló de aula ^{aulas libres} 23
Revista para as familias do alumnado

suman tres, senón que mudan dous... Tamén depende moito das persoas coordinadoras e das súas circunstancias: poderen ou non moverse ás reunións, teren ou non un verdadeiro Equipo que impulse o traballo normalizador e asuma o funcionamento dun necesario traballo coordinado entre ENDL de diferentes centros, que axude, impulse, aforre custos, esforzos... Estes son os aspectos positivos que todo o mundo percibe cando está nas coordinadoras comarcais, ao que lle hai que sumar aquel que ten que ver con sentirse apoiado e reforzado por un grupo, tanto para presentar actividades nos propios centros, como para intercambiar ideas e mesmo para facer terapia, aspecto tamén moi necesario. O illamento das persoas coordinadoras dos Equipos, cando estas teñen realmente ganas de traballar, provoca o que eu chamo efecto chamuscado. O labor que hai por diante é moito, os atrancos máis e os resultados poucas veces están á vista a curto prazo, hai que loitar con mil elementos entre os que está un discurso moi daniño que se escoita a diario. Por último, cómpre ter en conta que somos persoas que traballamos ás ordes e ao “desamparo” dunha Consellería e dunha SXPL.

Na páxina web da Coordinadora queda un repositorio de materiais moi valiosos e interesantes, mais que teñen data de caducidade (en decembro de 2017 tedes previsto apagar esa web). Falemos algo sobre eles. Comecemos polas campañas. Cales foron máis efectivas e interesantes, ao teu ver?

Interesantes creo que foron todas, aínda que este sexa un adxectivo demasiado subxectivo. A efectividade sería medible, mais vai depender - falando en termos curriculares - de que items coloquemos na rúbrica que empreguemos para avaliar. Se pesa máis a visibilidade, a eficacia sobre o público albo ao que estaba dirixido pode ser unha, se falamos de implicación directa de persoas da comunidade educativa, pode ser outra e se pensamos en verdadeiros efectos normalizadores, se cadra outra diferente.

Unha vez dito isto, eu creo que en termos de visibilidade, sen dúbida, a campaña de *Orgullos@s do noso, orgullos@s do galego* foi a máis destacada. Quería enviar unha mensaxe clara e creo que chegou a todas partes, ademais produciu moitos materiais que actuaron como símbolo dun movemento de protesta nun momento moi concreto no que foramos duramente atacados e no que se buscaban elementos para dar resposta de forma proactiva. Da mesma maneira funcionou a nosa primeira campaña *As linguas suman*, mais xa con outro pouso e máis centrada no ensino. A de *orgullos@s* trascendeu os centros escolares, algo que non pasou co resto porque en realidade todas estaban centradas na comunidade educativa (desde a de Nais e Pais ata a da LOMCE, pasando pola do Decreto). Houbo outra, a do Galego natural - realizada en colaboración coa Universidade de Vigo - que tamén repercutiu fóra do ámbito de actuación da CGENDL, que son os centros escolares de ensino non universitario.

Puxestes en marcha nalgún momento iniciativas como o premio Leixaprén, os Encontros de Equipos e o Día da Ciencia en Galego. Como as avalías? Quedou algunha iniciativa no tinteiro que che pareza relevante para realizar nun eventual futuro?

Non só eu, senón todas as persoas que estivemos no Consello directivo, facemos unha valoración moi positiva destas actividades, aínda que tiveron unha traxectoria moi diferente. O primeiro que hai que resaltar é que son actividades nas que participou unha grande cantidade de equipos e que repercutiron en moitísimo alumnado, nomeadamente o Día da Ciencia en Galego, e que nalgúns casos, coma o desta última, funcionaron grazas á axuda externa que tivemos. Para a celebración da actividade estrela do Día da Ciencia en Galego, a videoconferencia, tivemos a colaboración - ademais dos expertos que accederon a falar - das plataformas técnicas que nos ofreceron as universidades, sobre todo a de Santiago que nos deu servizo durante catro anos. Realizáronse seis edicións para secundaria que, cada ano, chegaron a arredor de seis mil alumnos/as de case cen centros (número límite que debiamos poñer para a emisión). Para primaria organizáronse tres edicións nas que participaron anualmente arredor de catro mil alumnos/as.

O Premio Leixaprén era unha iniciativa que viña desenvolvendo a Coordinadora do mesmo nome desde 1999 nun espazo moi concreto que ía desde Muros a Rianxo, pasando por Mazaricos, Outes, Noia, Lousame, Rois, Dodro e Porto do Son. Nacera coa idea de ser un premio a nivel galego e desde a Coordinadora démoslle esa dimensión. Organizouse durante tres anos e o problema que nos presentou era o que xa había cando o organizabamos desde a C. Leixaprén: a organización da entrega e o orzamento para o premio.

Os Encontros de Equipos foi unha actividade que nos produciu tamén moita satisfacción porque foi moi ben recibida. Coa súa frescura e orixinalidade conseguimos xuntarnos para autoformarnos ao tempo que compartimos experiencias, algo fundamental.

En canto ás iniciativas que quedaron no tinteiro: retomar a Semana das curtas que só tivo unha única pero moi exitosa edición e, sobre todo, algo que levabamos todos os anos no programa e que nunca conseguimos desenvolver. Trátase de dúas actividades ligadas ás novas tecnoloxías e aos usos da rapazada. Unha moi concreta que buscaba prover de politóns en galego para móbil e outra que impulsase o uso do galego en todo o que ten que ver coas redes sociais nas que se move a rapazada. En relación con esta última tamén nos quedou por facer unha campaña de dignificación da lingua, algo que cremos urxente e imprescindible e que sen ela vai ser difícil que triunfen outras accións. Pero non pensamos nunha campaña desas banais con mensaxes simples, nas que se gastan moitos cartos en mercadotecnia e teñen moi pouco efecto práctico; senón unha campaña deseñada en varias fases, na que se buscase implicación real de toda a comunidade educativa para acadar os obxectivos deseñados.

Tamén cómpre referirse ás publicacións da Coordinadora. Explicanos que obxectivos e peculiaridades específicas tiñan *A letra miúda* (6 números), *Ollos de aula* (22 números) e *Exprés* (5 números).

Comezo por *Ollos de aula* como revista que encheu un espazo moi necesario, daquela e aínda hoxe, e que tiña como particularidade que se deseñaba para editarse en dous formatos, dixital e mais papel. Enviábase aos centros cada mes e desde os equipos fíxose unha distribución moi grande nos dous formatos para achegala a toda a comunidade educativa. Naceu como unha publicación dirixida ás familias que tratase temas que a estas lles interesan e lles preocupan. Tiña unhas seccións fixas, tres das cales dependían dun grupo de persoas colaboradoras: dúas eran colaboradoras estables (Lines Salgado e Gracia Santórum) e outras íamolas buscando para cada número, segundo o que quixésemos tratar entre os e as especialistas de cada tema. Así, durante tres cursos, foise dando resposta a preguntas que circulan sempre arredor da escola, desde a que anos cómpre que se aprenda a ler, ata o polémico tema das tarefas escolares, pasando por unha explicación de siglas e conceptos que se empregan no ámbito educativo. Tamén se facían recomendacións culturais e se anunciaban eventos de interese. A contraportada sempre a dedicabamos a enviar mensaxes de tintura normalizadora.

A *letra miúda* pensouse sempre como revista dixital e tiña como público destinatario o profesorado. Pretendía fornecelo de bagaxe sociolingüística que puidese axudalo a crear un argumentario necesario para saír do paso de tanto discurso oco, simplón e prexuízoso que lle chega por todas partes sen base ningunha. Encheuse con artigos de especialistas - galegos e foráneos - nos que se achegaban desde datos sociolingüísticos de Galicia ata reflexións sobre aspectos cruciais como a planificación, a dinamización, a normalización, o proceso de estandarización, a ecolingüística... Tamén ten un apartado de recensións de obras con contido sociolingüístico e outro de ligazóns a publicacións de interese que se atopan na rede. Deseñouse nun principio como revista trimestral, mais logo íase publicando segundo ían chegando as colaboracións.

Por último, *Exprés* concibiuse como unha publicación dixital de novas da Coordinadora. Facía as veces do típico boletín que teñen moitas organizacións ou institucións no que se achegan todos aqueles avisos que están vixentes no período no que se edita. Nel lembrabamos actividades que tiñamos en marcha, mandabamos o enlace ás publicacións das outras revistas, informabamos dos comunicados ou notas de prensa que emitiamos... Era moi xeitosa pero tivo poucos números porque comezamos coa idea xa algo tarde.

A disolución da Coordinadora coincide no tempo cun panorama bastante preocupante, no que o mal chamado Decreto de Plurilingüismo parece estar xa a render os froitos desgaleguizadores para os que, sen dúbida, foi concibido. Datos recentes apuntan a que apenas o 18% dos meniños e meniñas de Galiza teñen o galego como lingua inicial e que máis do 75% das escolas infantís nunca ou apenas o empregan. Para alguén coma ti, que tanto levas currado no campo normalizador, que supón escoitar estes datos?

Dóenme, pero non me sorprenden. Os datos son terribles, mais non fai falta atender moito a estudos, case - nestes casos - chega con facer sociolingüística de orella por parques ou escolas. A Era lingüística Feijoo dá os seus froitos dun xeito moitísimo máis acelerado ca a sementeira tradicional que levaba décadas con colleitas que ían dirixidas cara a este resultado no que agora estamos. Mais ninguén pensaba que en tan poucos anos se ía notar tal desfeita. Desde o goberno manexaron o discurso, incidiron nunha sociedade que coñecen ben e puxeron os medios para asentir a súa política lingüística de xeito eficaz. Escoitar datos, ou escoitar discurso sobre a lingua na rúa, ou escoitar a nais e pais galegofalantes falarlles en castelán aos nenos e nenas, ou escoitar todas as aulas de materias científicas en castelán, ou escoitar falar o profesorado de infantil, entre outras moitas cousas, supón darse conta do seu triunfo. O imaxinario social existente arredor da lingua, no que priman as representacións negativas da mesma, non muda porque un goberno - que se caracteriza por defender unha ideoloxía lingüística que non quere que o galego sexa unha lingua de pleno dereito no seu territorio - non quere que mude. Isto acaba derivando nunhas actuacións por parte da cidadanía que teñen consecuencias terribles a curto prazo. O peor de todo é que conseguen facerlles crer aos galegos e galegas que a responsabilidade de non transmitir a lingua é de nais e pais que buscan o mellor para os seus descendentes. Desde o goberno axudan a facerlles entender que o mellor non é que aprendan nin que saiban galego, por iso non impulsa medidas realmente normalizadoras, como o fomento do galego desde idades temperás nas escolas ou a posibilidade de impartir calquera materia na lingua propia. Seguimos con materias vetadas ao galego, unha das mostras máis significativas da súa intención.

Con Kabatek, Ana Iglesias e outros sociolingüistas, foches das investigadoras sobre a realidade do idioma que nos aprendeu a contemplar calquera tarefa normalizadora tendo moi presentes “os imaxinarios” (e daquela tamén os “prexuízos”) operantes nas condutas idiomáticas do alumnado. No teu ensaio *Do estigma á estima* ofreceches unha batería de reflexións e propostas que aínda non tiveron realización. En que medida coidas que estamos hoxe peor ou mellor que daquela e cantas desas propostas túas continúan tendo vixencia? Debemos facer menos cousas e mellor?

Mellor non estamos e o paso do tempo sempre xoga en contra do enfermo se non se lle aplican remedios. Eu creo que - como nada se fixo - todas as propostas teñen vixencia. Xa o levo dicindo en toda a entrevista e volvo insistir aquí: hai que mudar o imaxinario con respecto á lingua, e, a partir de aí deseñar un plan de normalización que atenda a todos os sectores. Alén diso temos que afrontar o discurso do plurilingüismo inclusivo, tirar a lingua do debate partidario, etc, etc...

En canto ao se debemos facer menos e mellor... non sei dicirche. Eu creo que temos moito por facer e non vale dicir que non se consegue nada e quedar parado, pero tampouco non podemos dar paus de cego. Cómpre planificación xeral, saber a onde imos e que gran de area temos que achegar cadaquén e de que xeito. Non por facer menos se fai mellor, mais tampouco se pode facer por facer, xa que isto deriva no efecto chamuscado do que falei arriba. Hai que traballar de xeito planificado e coordinado e de cara a un obxectivo común, para poder así ver algún resultado que axude a tomar azos para seguir.

Penso que - de forma case xeral - todo o colectivo do profesorado implicado na normalización da lingua o tenta facer o mellor posible e se esforza a diario, algúns de forma titánica. Con todo, a min gustaría sinalar que me parece que temos pendente unha reflexión colectiva - a nivel profesorado - sobre un par de asuntos moi relevantes neste momento. Un deles ten que ver coa valoración e tratamento que facemos da lingua que aínda fala o alumnado ou da que queremos que fale o que xa non a mamou. A outra ten que ver como entendemos o labor normalizador nos centros. Pasaron dez anos da etapa do bipartito e do impulso que naquel momento se lles daba aos Equipos para que actuasen nunha dirección. Nin os tempos nin as circunstancias son aquelas, nin parecidas. As necesidades medraron e variaron, e os recursos - non só económicos, senón tamén humanos e mesmo espirituais - minguaron. Hai que afrontar tamén isto.

Por último, en que proxectos cívicos ou investigadores andas embarcada, agora que xa pasaches páxina do labor na Coordinadora?

A LOMCE acaba co espírito investigador do máis pintado! Vivo mergullada en estándares, perfís competenciais, unidades didácticas integradas... Con todo, recoñezo que a cabra tira ao monte e andei embarallada este curso nunha pequena investigación sobre o imaxinario existente na mocidade arredor da onomástica galega. Pedíume expresamente Anabel Boullón que traballase nese asunto para presentar algúns datos no último Congreso de onomástica. Como me era imposible de asumir a min soa por falta de tempo, busquei a axuda de Ana Iglesias, coa que xa estivera facendo unha investigación anterior, e aí estivemos as dúas navegando no discurso arredor da onomástica, no que descubrimos algún aspecto moi interesante de cara á normalización da lingua. Vimos de rematar agora un artigo cos resultados.

Tamén ando botando unha man - cando as circunstancias persoais e laborais mo permiten - nalgúns actividades nas que me piden colaboración. Neste momento nada máis.

Do estigma á estima

Propostas para un novo discurso lingüístico

Valentina Formoso Gosende



XERAIS
crónica

LINGUA



llengües asetjades

O STEG nas Xornadas sobre trilingüismo organizadas por USTEC en Sitges.

Lois Pérez Díaz

O STEG participou como organización convidada os días 13 e 14 de xaneiro deste ano 2017 nas *Xornadas sobre trilingüismo: llengües asetjades* que organizaron as compañeiras e compañeiros do USTEC en Sitges (Catalunya). Este encontro vén a afondar nas diferentes actividades que, sobre a situación das linguas, están a desenvolver as forzas sindicais dos distintos territorios nestes últimos anos, logo dos recentes encontros do curso pasado nas Xornadas de Lingua de Iruña (organizadas por STEE-EILAS) e nas Xornadas de *Palavrar a Lingua* en Santiago de Compostela (organizadas polo propio STEG).

As Xornadas sobre Trilingüismo desenvolvéronse no espectacular Pazo de Marycel, no centro do casco histórico de Sitges e comezaron na tarde do venres, coa proxección dun documental da autoría de Antoni Tortajada, xornalista de TV3 e historiador, onde se dá conta dos diversos desencontros de Cataluña con Madrid ao longo da historia e se analiza tamén o proceso de inmersión lingüística que tivo lugar no Principat dende os anos oitenta ata chegar á actualidade. Posteriormente tivo lugar unha mesa redonda co propio Tortajada e con Magí Sunyer, filólogo e profesor da UPV e Narcís Iglesias, lingüista e profesor da Universidade de Girona, onde se analizou e tratou a actual situación do catalán logo de facer un percorrido histórico do proceso de inmersión. Finalmente, deuse un interesante debate co público asistente.

A presenza do STEG neste tipo de actividades resulta fundamental para estreitar os lazos con formacións afíns (tamén estiveron presentes nas Xornadas as compañeiras e compañeiros do STPV do País Valencià, do STEE-EILAS do País Vasco e Nafarroa, do STEi das Illes Balears ou de Aragón, faltando desta volta as compañeiras e compañeiros de USTEA de Asturias, que si estiveron nas dúas anteriores citas e que participan habitualmente neste tipo de encontros), para compartir información e tamén puntos de vista, así como para afondar no deseño de estratexias colectivas que promovan a defensa das linguas minorizadas.

As Xornadas reanudáronse o sábado ás 9 da mañá cunha xornada interna de traballo onde se expuxo dende cada territorio en termos xerais a situación da lingua en relación ao marco legislativo, a súa situación no ensino e o panorama que se avexia no futuro inmediato.

Deste xeito, puidéronse constatar dúas cuestións fundamentais: dunha banda, os diversos modelos empregados nos distintos territorios e, doutra, a estratexia case idéntica dos gobernos do Partido Popular alí onde chega ao poder para derrubar as linguas autóctonas en favor do castelán. Así, o *discurso da imposición* e os decretos de plurilingüismo son práctica habitual da dereita, ben dende a oposición ou ben cando ostenta o goberno. Tamén se chamou a atención sobre as desiguais situacións que sobre a lingua se viven no País Vasco e Nafarroa, malia seren territorios colindantes así como a especial problemática que presenta o euskera, onde a distancia lingüística (a non similitude) coa outra lingua oficial representa un elemento importante a ter en conta á hora de promover a

súa normalización. Para as representantes do STEG chamou poderosamente a atención o efecto desigual que na normalización das linguas xogaron gobernos dun e doutro signo e, neste plano, o goberno case ininterrumpido da dereita en Galiza (agás a lexislatura tripartita do presidente González Laxe e a do bipartito de Pérez Touriño e Quintana) non atura a comparación con certa alternancia e gobernos de distinto signo que si tiveron lugar noutros territorios e que fan que a situación, malia non ser boa, presente algún elemento positivo máis.

Dende o STEG realizouse un breve percorrido histórico polos sucesivos marcos lexislativos en que se encadrara a normalización da nosa lingua na Galiza ata chegarmos á actual situación co Goberno de Feijóo e o Decreto de Plurilingüismo. Informouse do deterioro ocasionado neste últimos anos e dos índices de coñecemento e uso do galego e das interesadas e perniciosas interpretacións que das estatísticas fai o goberno da Xunta para ocultar a situación real do galego. Igualmente, criticouse a errada concepción de plurilingüismo que supón equiparar situacións desiguais das linguas no tocante ao coñecemento e o uso así como ao seu recoñecemento social para, na práctica, favorecer a desaparición da lingua minorizada, reducindo o carácter de plurilingüe á aprendizaxe do inglés, prescindindo tamén da concepción ecolóxica das linguas que debe presidir calquera proceso de normalización dunha lingua, isto é, partindo da lingua minorizada como *lingua vehicular do mesmo*.

Finalmente, elaborouse e asinouse un manifesto en defensa das linguas minorizadas, que se leu no acto posterior, xa aberto ao público en xeral. Para a anécdota desta sesión de traballo quedou a intrusión, no salón onde tivo lugar esta xuntanza,



dun descoñecido que atravesou a estancia deixando un bo feixe de pasquíns riba dunha das mesas, pasquíns alusivos á marxinação do castelán en Catalunya e deslizando acusacións contra as organizacións participantes, o que fala ben ás claras da situación que, sobre a lingua e no actual contexto político, se está a vivir en Catalunya.

A seguir, tivo lugar unha concorrida rolda de prensa onde se expuxeron para os medios e de xeito máis resumido os contidos traballados previamente. *A posteriori*, tivo lugar un interesante intercambio de opinións co público asistente, onde membros de organizacións españolistas criticaron veladamente a celebración destas Xornadas e viñeron denunciar tamén a situación de presunto acoso ao castelán e de imposición do catalán que, segundo elas e eles, se vive en Catalunya.

Para o STEG foron moi ilustrativas estas intervencións (escoitadas con total atención e respecto por parte do resto das persoas e colectivos presentes), pero sen dúbida aínda o foron máis as réplicas que dende a serenidade e con exquisita educación e pedagogía lles ofreceron as representantes dos distintos territorios, incluído o noso, malia seren interrompidos en varias ocasións.

Neste contexto a representación do STEG foi interpelada directamente en alomenos dúas ocasións (talvez pola rudeza do noso *sotaque* galego ao desenvolvérmonos puntualmente en castelán durante a intervención), cando enunciaba o contexto en que se aprobou na Galiza o Decreto de Plurilingüismo, e que contou

co apoio de determinados grupos sociais ou *lobbys da imposición*, bastante similares aos presentes entre o público da rolda de prensa. Tamén se afirmou dende o STEG que este grupo en cuestión contou co apoio máis ou menos explícito do propio goberno de Feijóo (se non directamente pola Xunta, si a través de determinados medios de comunicación, xenerosamente subvencionados por certo dende a mesma). Explicouse tamén que nos últimos tempos producírase certo distanciamento entre a Xunta e este *movemento*, que fixo que mesmo dito colectivo explorase outras opcións políticas. Neste punto, a representación do STEG realizou, xa a nivel persoal e co ánimo de distender o ambiente, un símil que puidese explicar a non obtención de representación parlamentaria por parte de Ciudadanos, afirmando que *“Ciudadanos en Galicia no acaba de cuajar, y lo decía muy bien una conocida de mi abuela hablando con otra compañera: y que vas a votar? No le des vueltas, mujer, vota al PP, porque votar Ciudadanos en Galicia... es como cocinar el pulpo en el microondas”*. E malia que o ambiente en xeral efectivamente se distendeu polas risas do público seica agradou, tamén, de desigual xeito a algunhas das persoas alí presentes.

Para o lado amábel da anécdota queda o entrañábel encontro cos dous compañeiros galegos do USTEC radicados xa dende hai moitos anos en Catalunya, os dous da provincia de Ourense, e a sentida interpretación á gaita con que nos obsequiou o compañeiro Manolo, ademais presidente do Centro Galego de Sabadell, durante as sobremesas do xantar de confraternización previo ás ponencias da tarde, onde a representación galega achegou unha breve narración oral de contido cunqueiriano, en homenaxe aos *lobbys da imposición*.

Xa pola tarde tivo lugar a maxistral intervención do profesor Lluís de Yzaguirre Maura, lingüista e profesor da Universidade Pompeu i Fabra, sobre a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, que achegou unha visión chea de erudición e coñecemento sobre o que debe ser a concepción da diversidade lingüística como unha oportunidade inequívoca e valiosísima para a aprendizaxe das linguas minorizadas e unha rigorosa interpretación crítica de dita Carta e do penoso papel que na súa arbitraria e escasa aplicación viñeron xogando os diferentes gobernos, nomeadamente os da dereita, abrindo paso posteriormente ás intervencións dende o público coas correspondentes réplicas.

Por último, tivo lugar a intervención dos representantes do Colectivo Joan Oliver, para explicar os problemas de ensino secundario. As intervencións de Francesc Foguet, profesor da UAB, e Joan Melcion, profesor de ensino medio, serviron para dar por concluídas as Xornadas de trilingüismo *Llengües asetjades*.

A valoración que dende o STEG se fai destas xornadas é altamente positiva, non só polos contidos das mesmas e a convivencia coas compañeiras e compañeiros das outras organizacións, senón tamén porque resultan fundamentais para repensar a acción sindical incorporando perspectivas diferentes fronte a problemáticas compartidas, o que enriquece indubidabelmente o traballo do STEG na defensa e mellora do ensino público.

ideas para a mellora dos programas de innovación educativa

Lola Dasilva

Os programas de innovación educativa son unha das marcas identitarias dun centro. A través duns ou doutros, e tamén fóra da participación neles, os centros canalizan con frecuencia as metodoloxías de traballo que consideran máis axeitadas para superar os procesos de ensino-aprendizaxe baseados na visión do alumnado como receptáculo ou receptor de clases maxistras ou como reprodutor de exercicios.

En Galicia son moitos os centros que desenvolven propostas de traballo onde se valora a participación activa do alumnado (ben no desenvolvemento das distintas fases dos traballos de aula, na toma de decisións, na repartición de roles, na análise dos resultados...); tamén é común atopar propostas de traballo interdisciplinario entre o profesorado, nun intento de superar o caixón de cada materia, para avanzar cara á adquisición competencial e á aprendizaxe significativa e contextualizada que visibilice claramente os vasos comunicantes entre as materias e o coñecemento necesario para vivir na nosa sociedade. Menos común é o traballo intercentros, que non vai moito máis aló do uso compartido de recursos e que rara vez chega a visibilizarse a través de obxectos conxuntos, case nunca a través de procesos conxuntos.

En calquera caso, os programas de innovación educativa ofrecen nuns casos a oportunidade de realizar proxectos innovadores e avanzados na metodoloxía didáctica, e noutros casos serven de paraugas de encaixe a iniciativas orixinadas desde os propios centros.

Nos máis dos casos facemos traballos por proxectos, menos do que parece. Aínda non está tan rodada a metodoloxía ABP como para atopar unha ducia de propostas modélicas que presenten accións transferibles no traballo cooperativo do alumnado, no traballo interdisciplinario do alumnado etc. Con todo, hai bos exemplos dos que aprender e sobre eles habería que poñer o foco para ofrecelos como boa práctica diante da comunidade educativa. A mellora do conxunto pasa por elevar o nivel e calidade da práctica pedagóxica dos centros que desenvolven metodoloxías máis tradicionais, e pasa moito menos porque exista un bo motor na vangarda.

Prémianse e visibilízanse os proxectos considerados como boa práctica, pero rara vez se orientan procesos e se dá seguimento para unha óptima consecución dos avances.

A consecuencia disto é a percepción dunha primeira división de centros con certa traxectoria innovadora, os mesmos cada ano en cada temática, e unha segunda división de colexios e institutos que rara vez participan en proxectos de innovación ou, se o fan, non destacan por levar adiante proxectos ambiciosos en canto á metodoloxía.

Sería moi aconsellado que se realizase concienzudamente o seguimento e asesoramento dos proxectos que se realizan ao abeiro dos programas educativos e unha avaliación sería dos seus logros para poder coñecer en profundidade os atrancos que senten os centros para avanzar propostas ambiciosas de cambio. Seguramente comprobaríamos as razóns profundas dunhas necesidades que van máis aló do coñecemento da teoría do ABP e que pasan máis por recoñecer que o profesorado dedica á renovación da súa práctica pedagóxica un esforzo que rara vez se ve recoñecido e recompensado na súa xusta medida. A posta en valor do voluntarismo docente faise necesaria tamén co fin de non atrancar os procesos que desenvolve contracorrente e de facer sostibles estes esforzos de mellora.

É ben certo que o feito de dignificar os proxectos a través do recoñecemento (como os premios) reproduce o seu valor diante da comunidade educativa, que non sempre ampara propostas afastadas da pedagogía tradicional que se basea no libro de texto.

Porén convén gastar esforzos no seguimento dos proxectos, na asistencia aos docentes que os levan adiante co fin de coñecer con profundidade (insistimos) as necesidades e vicisitudes dos centros que procuran levar adiante accións que nos seus contextos educativos resultan profundamente revolucionarias.

experiencias de aula

seminario transversal de audiovisual e robótica

Ana Moreiras
IES A Cachada, Boiro

O pasado curso 2015-16 desenvolvemos no IES A Cachada, de Boiro, un proxecto do que queremos falarvos. Referímonos ao Seminario Transversal de Audiovisual e Robótica, no que colaborou todo o centro en maior ou menor medida: realizando curtas, elaborando videotutoriais sobre programación e/ou robótica, programando videoxogos, organizando unha competición virtual a nivel de toda Galicia... Podedes ver os produtos no noso blog (<http://stargal2016.blogspot.com.es>), onde tamén está o vídeo que resume o proxecto (<https://www.youtube.com/watch?v=m4tr23G0PnA&feature=youtu.be>). Cando recollamos o premio de EducaCompostela que este proxecto mereceu, pronunciamos este pequeno discurso, que queremos compartir:

Non imos ser hipócritas e dicir que os premios non importan: mirádenos as caras. 21 persoas felices, as 21 que cabían no microbus que nos trouxo desde o noso insti A Cachada, en Boiro.

É evidente que non se organiza un proxecto coma o noso en virtude de eventuais premios (neste caso, EducaCompostela), pero nos grises tempos que corren calquera agarimo axuda a que iniciativas coma o STARcach se plantexen e desenvolvan con ilusión.

Porén, claro está que a razón última de crear este Seminario Transversal de Audiovisual e Robótica é que nos formíguea o sangue, que somos xente activa e participativa que reivindica vivir experiencias estéticas e críticas fronte á anestesia xeral. Mesmo sen saber que iso é unha loita vital, loitamos.

Porque probablemente (referíndome á parte do alumnado implicado que se achegou recoller o premio),

- Álex Hermo Jallejo non sabía que cantando en Youtube ós outonos gastados de Manuel María metía ó poeta da Terra Chá no imaxinario videoartístico do novo cinema galego.

- Miriam Vilarnovo, cando tomaba fotos para ilustrar en Snapchat, Instagram e Twitter a poesía de Manuel María, non era consciente de estar nun proxecto colectivo e creativo que facía do #Starcach un pequeno pero feliz trending topic.

- Álex Velo, Pedro Guijas e Dani Calo, pescudando na elaboración dun proxecto domótico e xerando videotutoriais sobre Raspberry Pi, eran, sen sabelo, pioneiros na difusión da IoT (Internet of things) en galego.

- Carlos Piñeiro, describindo en youtube a montaxe e manexo dun robot Mbot, achegaba a milleiros de



estudantes galegos, de forma clara e concisa, unha linguaxe de programación novidosa e versátil.

- Marta Casais, Pablo García, Moraima Aragundi non sabían que estaban realizando unha película en HD sobre unha distopía máis que posible.


- Marina Ramallo e Sofía Otero non eran conscientes de seren un exemplo para todas as rapazas que ollaban desconfiadas os Mbots e LEGOS, demostrando que a robótica non é un xogo de nenos e reducindo así a fenda de xénero no uso das TIC.

- Fernando Miranda, os irmáns Castro Blanco, Darío Fungueiriño, etc, etc... seguramente crían estar simplemente xogando cando deseñaban videoxogos cos que interactuar coa man a través dun sensor de infravermellos, o Leap Motion, co que crearon un labirinto virtual que puxo a proba o pulso de ducias de rapaces e rapazas.

- Zaira Rodríguez, Gloria Pérez e Sergio Sónora, Paula Outeiral e Rebeca, coordinando un conxunto de actividades interactivas promoveron non só a participación de todo o centro, senón que axudaron a organizar as primeiras Olimpíadas virtuais de videoxogos da historia de Galicia.

E para conseguir tan fermosos brotes, hai que estercar.

O sustrato: temos a fortuna de estar nun ensino público que promove a creatividade e os proxectos de equipo, transversais e horizontais. Porque *mal*



que lle pese a algúns, iso do “design thinking” (http://www.yorokobu.es/design-thinking-educacion/?utm_source=sendinblue&utm_campaign=16_de_febrero_de_2017&utm_medium=email) non é patrimonio do ensino privado en países afastados, senón unha actitude e un xeito de proceder que moitos e moitas hai anos que practican aquí ó lado, de Burela a Salvaterra, de Boiro a Manzaneda.

O rego: se hoxe podemos facer proxectos normalizados en galego é porque outros moitos pelexaron antes ca nós, e hoxe, *mal que pese a algúns*, é posible e valente crear e difundir cultura en galego. A isto axúdanos ter alumnado do rural, pois nun tempo en que o galego está en retroceso nos fogares e nas escolas (<http://praza.gal/movimentos-sociais/13686/dia-da-lingua-materna- apenas-o-18-dos-nenos-e-nenas-aprende-a-falar-en-galego/>) o noso EDL pode permitirse o luxo de deseñar proxectos onde os obxectivos lingüísticos formen parte dun conxunto de obxectivos de maior envergadura, onde o galego se empregue sen maior discusión porque, naturalmente, estea aceptado que así sexa.

A boa semente: *mal que pese a algúns*, no noso país hai canteira intelectual, e as mobilidades exteriores que os ameazan non son óbice para que eles e elas creen, deseñen, programen, constrúan. Estamos vivindo unha lei educativa que, a parte de retrógrada e normalizadora, transmite a perigosa mensaxe subliminal de que este non é país para vangarda, e menos aínda en galego. Pero nós somos así, xa o dixeran teimudos, brincallóns e provocadores.

Imos seguir creando contidos en galego, empregando as novas tecnoloxías en galego, difundindo a nosa mensaxe transgresora en galego: e por todo isto, grazas ó Xurado que decidiu apoiarnos e darnos motivo para un novo sorriso hoxe.

No curso 2015/16, o noso compañeiro Juan M. Piñeiro Gómez fixo co alumnado de 1º de Primaria do colexio de Quintela (Moaña) unha curtametraxe que leva por título “Uxío Fontiñas é unha nena” e que podedes ver en https://youtu.be/v_k5VGsRCyk.

Producida por “O Rato Paco e Quintela Filmes”, dura uns 16 minutos e está baseada no conto “Oliver Button is a sissy” do escritor e debuxante norteamericano Tomie dePaola (Connecticut, 1934), creador de célebres personaxes como “Strega Nona”.

A curta resulta ben chula e ideal para contrarrestar con beleza, sensibilidade e doses de humor, gozando dunhas interpretacións infantís moi meritorias, as campañas de fobia por razón de xénero alentadas por certas plataformas ultras que andan por aí adiante en autobús alaranxado...



Isabel González Avión

narf: alma enredada en espiral

É un privilexio para a cultura galega ter contado cunha voz como a de NARF, artista múltiple coma poucos. Fran Pérez transitou o difícil camiño de facer música galega fóra do ámbito do folk. A súa foi unha aposta valente pola normalización, cunha expresión mestiza, consecuencia da sede permanente que o empurrou a beber en diversas fontes. Recoñecía que o seu autodidactismo fixo que tivese como disciplina de aprendizaxe a propia experiencia: “Son autodidacta, os meus estudos son as obras que fago. O que hai detrás das miñas cancións é toda esa bagaxe de probar cousas diferentes”.

Esa sede de probar, de aprender, levouno a participar en proxectos como “Nicho Varullo” ou “Os Quinindiolas”, con Pepe Sendón, Carlos Santiago ou Xelís de Toro, entre outros, sendo pouco máis ca un rapazolo en Compostela. En múltiples ocasións fíxose acompañar pola guitarra flamenca de Marcos Teira. Tamén fixo maridaxe musical co guineano Manecas Costa ou, máis recentemente, con Uxía Senlle.

Narf promoveu encontros de creación con músicos africanos como o que levou a cabo en 2006 co grupo de Mozambique “Timbila Muzimba”, titulado *Bumba*. Froito de dez anos de colaboración con eles naceu en 2016 o espectáculo *Da Zigala a Zemambiquo*. Co guineano Manecas Costa, a quen coñecera no

festival da lusofonía “Cantos na Maré”, gravou en 2010 un traballo titulado *Aló irmão!*.

Outra faceta que non debemos esquecer é a de compositor de bandas sonoras para teatro. Comezou obtendo un éxito sen precedentes coa compañía “Chévere” e a súa obra *Río Bravo* en 1991 e, en anos sucesivos, foi adornando o seu currículo cunha restra de premios por diversos traballos. Foi merecedor do Premio da Crítica ao mellor musical en Barcelona no ano 96 e do María Casares á mellor música orixinal en varias ocasións. As bandas sonoras para obras teatrais déronlle recoñecemento tanto en Galiza, como fóra dela, especialmente en Portugal, onde traballou coa compañía “Trigo Limpo-ACERT” en diversas ocasións. Desta experiencia naceu o pulo que o ía levar á África lusófona.

Despois dun primeiro disco en solitario, *Directo en Compostela* no ano 2004, Narf bótase a gravar en 2006 unha obra ambiciosa, *Tótem*, que será editada en 2007. Segundo escribe Xelís de Toro na carpeta do disco: “Fran ergueu este Tótem día a día, con mimo e cariño, con furia e paixón. Aquí están as pantasma dos devanceiros, o choro dun neno, o bico do amante e os ollos do futuro”.

O disco é mostra dunha das calidades definitorias de Narf: a colaboración. E aí están os seus caros amigos Xelís de Toro, Pepe Sendón e Carlos de

Santiago, autores das letras de “Autobiografía”, “O noso son”, “Não tem você” e “Soneto da seta e o neto”. Bebe no lirismo de poetas, nomeadamente do mundo lusófono, como Hélia Correia, Segundo Pérez Queiro e José Craveirinha. Este último é o autor do fermoso “Quero ser tambor”, que Narf interpretou incansabelmente.


O propio Narf desprega en *Tótem* unha faceta máis do seu talento e amosa as súas calidades como poeta. “Santiago”, que foi merecedora do segundo premio no Festival de Culturas Minorizadas que se se celebrou en Östersund (Suecia) no ano 2006, constitúe unha das máis fermosas homenaxes musicais á cidade, cantada por tantos autores. O texto achega unha fotografía viva e íntima da Compostela actual.

“Afroblues”, “O que non se sabe” e “Mercedes” son outras pezas con textos da autoría de Narf. “Galician Lullaby” é o máis significativo retrato lírico da diáspora actual do pobo galego. Nos primeiros compases do milenio esta é a imaxe dunha historia de emigración que se remonta séculos atrás: a sangría do patrimonio humano. E xa non só somos galegas do Carballiño, de Viveiro, de Muxía, do Barco, de Cambados, de Vigo, de Ribadavia, de Oleiros ou da Estrada... Somos galegas e galegos de Caracas, de Roma, de Lima, do Cairo, de Bogotá, de Suíza, de Holanda, de Canadá, de Cuba, de Santiago, de Caracas... A Galiza imaxinaria. Esta magnífica

para ver, para ouvir, para ler

Uxía
&
Narf

Baladas da Galiza Imaxinaria



composición abrirá, anos máis tarde, as *Baladas da Galiza Imaxinaria*, traballo que partillou coa incansábel Uxía Senlle.

En 2015 celebrouse o Ano de Rosalía, para conmemorar o 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*, obra inaugural do noso Rexurdimento literario. Moitos foron os traballos musicais que se editaron nese ano. Como xa comentamos na segunda entrega de *Aulas Libres*, en abril de 2015 Narf editou en Patito Editorial un disco-libro titulado *Nas tardes escuras*, ilustrado por Fausto Isorna. Non era a primeira vez que compartían un proxecto. *O Labirinto dos soños* foi unha experiencia audiovisual multimedia na que se uniu o talento de ambos, xerando unha novidosa creación que resultou ir por diante do que as empresas produtoras estaban dispostas a asumir.

Nas tardes escuras é un traballo centrado exclusivamente nos versos rosalianos, con poemas tan significativos como “¡Follas novas!”, “Cabe das flores a nena”, “Bos amores”, “Amores cativos”, “Ti onte, mañá eu” e “Así semos”, nunca antes musicados. Outros, como “Lúa descolorida” ou “Nas tardes escuras”, foran xa anteriormente interpretados, mais a achega de Narf á lírica rosaliana énchea por veces do vigor, por veces da suavidade da súa música.

A escolma constitúe un feliz encontro entre a meirande voz da nosa literatura e o son diferente do senlleiro Narf.

O disco ábrese moi acertadamente cun poema, non dos máis populares, pero si definitorio da concepción creativa de Rosalía: “Tal como as nubes / que impele o vento, / i agora asombran, i agora alegran / os espazos inmensos do ceo, / así as ideas / loucas que eu teño, / as imaxes de múltiples formas, / de estranas feitura, de cores incertos, / agora asombran, / agora acrarian, / o fondo sin fondo do meu pensamento”.

Trátase dun traballo moi espido, onde Fran toca a guitarra e pon voz a todos os temas. Só se fai acompañar dunha acertada e discreta percusión a cargo do músico de jazz LAR Legido. O acordeón de Manolo Maseda (Os Diplomáticos de Monte-Alto) en “Pasade” e as percusións de Quiné, asiduo á banda de “Cantos na Maré”, en “Cabe das froles”, son as únicas colaboracións que ten o disco.

O tema que pecha merece tamén un comentario. Non é banal que Fran escolla “Así semos” para rematar a súa escolma de textos rosalianos. É significativo que dúas persoas que achegan xenialidade nas súas creacións teñan a consciencia de que son debedoras de toda a bagaxe que teñen detrás e mesmo cheguen a


afirmar con humildade que “non hai nada / novo baixo o ceo, / [...] porque así semos, / relox que repetimos / eternamente o mesmo”...

A *balada da Galiza imaxinaria* é un disco que tiña que chegar. Dúas sensibilidades como as de Narf e Uxía tiñan que confluír e darlle forma á súa complementariedade. Pezas como “Sempre en Galiza / Galician Lullaby”, “Encontrarte”, “Bos amores”, “Nana de Zemambiquo”, “Esta noite” ou “Santiago”, de Narf, vanse trenzando co “Alalá das Mariñas” ou “Os teus ollos”, do repertorio de Uxía Senlle. Con estas pezas deron moitos concertos, pero foron moitos outros, que xa estaban programados, os que ficaron sen celebrar...

A alma viaxeira de Fran percorreu a xeografía de catro continentes, levando o seu talento a escenarios, circuítos, locais e encontros musicais. En Europa, ademais da Península Ibérica, actuou en Londres, en Polonia e en Suecia. Viviu en Mozambique. Percorreu distintos puntos da xeografía americana, actuando na Arxentina, no Brasil e, este pasado ano 2016, Estados Unidos, nunha xira que o levou de costa a costa. Chegou mesmo a actuar en Asia, en Delhi, na India, e Katmandú, no Nepal. A falta de grandes facilidades e de *managers*, Narf construíu este percorrido apoiándose en persoas que se entusiasmaban co seu talento. Cada xira, cada actuación, posúe unha interesante historia detrás.

aló irmão!

Narf e Manecas Costa



aulas libres

33

Como xa se ten destacado en numerosas ocasións, outra calidade de Narf era a súa humildade. Quen isto escribe ten discutido con el sobre a súa calidade vocal, el resaltando as súas limitacións e nós abraidas do enorme e brillante aproveitamento dos seus recursos. Quizais o seu traballo no mundo do teatro foi un piar para a súa riqueza interpretativa. Tanto a súa humildade como a súa capacidade para utilizar a voz resaltando o significado das letras destacounas Uxía en 2006. Foi nunha interesante e hoxe valiosa reportaxe que lle dedicou a Narf a revista *Animal* das imprescindíbeis Edicións Positivas. Senlle dicía: “A súa voz é doce, acariñante e tenra pero tamén incisiva se a letra o precisa. Un cantor que apenas asumía a súa condición cando eu o comecei a tratar, por timidez ou por humildade”.

Do artista cálido e próximo fala Emilio Xosé Ínsua na despedida que escribiu no seu blog “A Ínsua do Ínsua”: “Despois, anos de distancia, de non saber que facías e por onde andabas, ata que reapareces feito un xigante musical cargado de ritmos mozambicanos e músicas anovadoras. Nunha tarde dun verán se cadra de finais dos 90, nunha das praias do Carreirón na Arousa, reencontrámonos [...] A conversa que tivemos parecía das acabadas de deixar, así de próximas seguían as empatías entre nós”.

A grandeza de Narf foi esa humildade, que o levou, despois de ter viaxado por todo o mundo e ter recibido numerosos recoñecementos, a subir aos modestos escenarios dos nosos centros educativos. Así, tivemos o privilexio de escoitalo no IES de Cacheiras de Teo, no Sardiñeira da Coruña, no Pedro Florianí de Redondela, no Francisco Asorey de Cambados, no Basanta Silva de Vilalba, nos IES de Boiro A Cachada, Espiñeira e Praia Barraña ou no Bouza Brey de Vilagarcía de Arousa.

Cos mozambicanos “Timbila Muzimba” creou *Bumba II: Da Zígalá a Zemambiquo* (<https://www.youtube.com/watch?v=eVa1M7P6rhU>), froito de dez anos de colaboración e fixo, así mesmo, os seus últimos concertos: o 22 de outubro de 2016 dentro do festival Womex no Teatro Principal de Compostela e, ao día seguinte, no mesmo escenario, o derradeiro. Quen non puidese ver o espectáculo en directo, pode catalo nun vídeo que Karlos Abal ten colgado na rede. Nel podemos comprobar o verdadeiro irmanamento de Narf cos músicos mozambicanos, non só pola forma humilde de achegarse a outra cultura, sen pretensións de subordinación, senón por tratarse dunha verdadeira integración na maneira de entender a música dos mozambicanos. Hai que ser un fóra de serie, un artista extraordinario para conseguir esa compenetración. Vendo isto compréndese

ben como Narf logrou unha expresión musical realmente rica e mestiza. Eses derradeiros concertos conmoven, xa que constituíron unha proba da paixón de Narf polo seu oficio de músico.

Fran sabía expresar naturalidade e calidez no reencontro. Era fácil sentirse querida por el. Así, reciprocamente, tamén era fácil sentir ese afecto intenso. Ás veces temos tesouros que non valoramos suficientemente ata que os perdemos, porén, a quen isto escribe quedalle como consolo terlle expresado ese cariño nunha plácida tarde de agosto, nos xardíns da Biblioteca Luís Rei de Cambados, ao remate dun concerto con Uxía Senlle nas festas do Albariño.

Hoxe xa non se pode entender a música galega sen “Galician Lullaby”, “Encontrarte”, a “Nana de Zemambiquo”, “Santiago”, “Esta noite” ou “Quero ser tambor”. Decía a súa cara compañeira Uxía que “non debemos caer na tentación só do lamento e dos golpes no peito porque el é dunha tribo que acredita no futuro e deixounos o exemplo de como debemos ser valentes e deixar a pel por e para a música no escenario, na estrada, nos camiños intrincados da arte”, mais non podemos deixar de chorar a morte de quen tanto nos agasallou co seu talento e o seu traballo. Cantos concertos, cantas melodías non poderemos gozar xa. Como o propio Fran dicía nunha canción: “Nada pesa tanto / como aquilo que non foi”.

para ver, para ouvir, para ler

EXIL

unha ollada clara e reveladora sobre a lacra do machismo

A Biblioteca de Intervención Social / Didáctica da editorial Galaxia, de Vigo, que xa nos ten ofrecido nos últimos tempos achegas moi interesantes sobre prexuízos lingüísticos (Núñez Singala), lectura e creación poética nas aulas (Antonio García Teijeiro), dificultades de aprendizaxe (Silvia Caride López), trastornos da conduta alimentaria (José Luís Iglesias Diz) e educación emocional (Julia Fernández Rodríguez), tirou do prelo en datas recentes o seu sexto volume, *Máis aló do azul e do rosa*, que leva o subtítulo de “Como prever a desigualdade de xénero e a violencia machista desde a familia”.

A súa autora é Ana Torres Jack, licenciada en Psicoloxía, Orientadora e colaboradora habitual do suplemento *La Voz de la Escuela* do diario coruñés *La Voz de Galicia* e mais da web educativa da Fundación Barrié de la Maza.

Nas arredor de cen páxinas de que consta o volume, afróntase a non doada tarefa de explicar de maneira clara, con estilo divulgativo e sen renunciar ao rigor todas as vertentes que importan na cabal comprensión desa lacra social que padecemos denominada “violencia machista” e no recoñecemento das súas mil e unha manifestacións concretas, desde as máis evidentes ata as máis subtís ou agochadas. Para mellor abordar este

fenómeno complexo, a autora organiza as súas exposicións en cinco grandes apartados, precedidos dunha breve presentación.

O primeiro está reservado para expoñer e debullar as nocións, conceptos e datos básicos sobre a desigualdade de xénero na nosa sociedade, dando ademais oportunas pinceladas estatísticas: os tipos e ciclos da violencia machista, os perfís dos maltratadores, as consecuencias nas vítimas e na proxenie das vítimas, os micromachismos na vida cotiá, etc. No segundo apartado ofrece sete claves básicas para, desde o ámbito das familias, contribuír a desterrar o machismo. Esas sete claves son coeducar, corresponsabilizar, ofrecer xoguetes non sexistas, favorecer a práctica de deportes sen estereotipos, aprender a exercer o pensamento crítico, educar emocionalmente na procura do empoderamento e a asertividade e ofrecer unha boa (in)formación afectivo-sexual.

Un terceiro apartado deste libro céntrase na figura dos fillos e fillas dos maltratadores e nas consecuencias de todo tipo que padecen por tal motivo, mentres que no cuarto apartado reflexiónase sobre os modelos de amor e sobre os prexuízos que inciden de maneira moi especial sobre as persoas adolescentes. Lúcido e útil resulta neste caso o “contraargumentario” que a autora ofrece a toda unha serie de aseveracións prexuízosas ou malintencionadas en materia de xénero que teñen por desgraza grande circulación social aínda, como

MÁIS ALÓ DO AZUL E DO ROSA

COMO PREVER A DESIGUALDADE DE XÉNERO E A VIOLENCIA MACHISTA DESDE A FAMILIA

ANA TORRES JACK



BIBLIOTECA DE INTERVENCIÓN SOCIAL / DIDÁCTICA

EDITORIAL GALAXIA

son, por exemplo, a culpabilización da muller vítima de maltrato (“algo faría”, “provocouno...”), a difusión da etiqueta de “feminazi” para as mulleres que loitan coherentemente polos seus dereitos ou as posicións de presunta equidistancia (“nin machista nin feminista”). Ofrécese, asemade, unha batería de indicios e consellos para detectar e axudar, respectivamente, adolescentes que poidan estar sendo vítimas de maltrato.

No quinto e derradeiro apartado do libro, que retoma e sintetiza ideas expostas xa no segundo, a autora explica os dez puntos básicos que unha familia debería cumprir se de verdade quere educar en igualdade e contribuír así a desterrar a violencia machista da sociedade. Estamos certos de que a lectura e difusión desta obra pode servir de moita axuda e clarificación neste sentido.

EXIL

imaxinar unha cidade e unha escola á medida d@s meniñ@s escoitando o seu parecer

Baixo a experta man do pedagogo Antón Costa, a editorial Kalandraka puxo en marcha recentemente unha “Biblioteca de Pedagogía” que xa editou ata o de agora catro volumes: *A cidade dos nenos* e *Cando os nenos din “basta!”*, ambos do italiano Francesco Tonucci (n. 1940), coñecido polas súas viñetas como *Frato*; *A educación para un mundo novo*, da italiana María Montessori (1870-1952); e *A imaxinación e a arte na infancia*, do bielorruso Lev Vigotsky (1896-1934). Puidérase dicir, dous “clásicos” de onte e dúas obras dun psicopedagogo de hoxe chamado a converterse indiscutibelmente en clásico.

Moi valente, por arriscada na esfera do comercial, nos parece a iniciativa da editora pontevedresa, que se cuidou talvez por iso mesmo de reclutar entre tradutoras e introdutoras dos volumes citados persoas da máxima solvencia intelectual e profesional: Mónica Baleirón, Rut Vázquez, Carlos Acevedo, Elena Shreveva e Lorenzo Maroño na primeira tarefa citada e Juan Carlos Pardo Pérez, Lois Ferradás ou o propio Antón Costa na segunda. Curiosamente, a editora elixiu poñer ao final os estudos habitualmente “introdutorios”, unha decisión que a alguén lle parecerá discutíbel, desde logo, mais que en todo caso parece redundar na idea de propoñernos unha lectura inicial do texto “por si mesmo” e “sen muletas”, en lóxica coherencia co seu carácter de obras clásicas da pedagogía que deben suscitar continuas visitacións e (re) lecturas.

Das catro obras editadas polo momento falaremos aquí unicamente da segunda, *Cando os nenos din “basta!”* (Se i bambini dicono: adesso basta!, no título orixinal). Dividida nunha introdución do propio autor e 26 capítulos, a obra presenta un limiar do político italiano e ex presidente da Comisión Europea Romano Prodi.

Todo o volume, escrito cun fermoso arrecendo a “utopía alcanzábel”, xira arredor da idea central de que fai falta unha nova cultura da infancia que modifique o papel e o tratamento que as sociedades desenvolvidas actuais outorgan aos nenos e nenas, tanto no ámbito escolar, como noutros igualmente importantes. E facelo no camiño de garantir que se ouza e se respecte a súa voz, que se teñan en conta as súas necesidades e dereitos básicos (a comezar polo dereito a xogar) e que poidan gañar así a autonomía que necesitan para se facer cidadáns adultos comprometidos e responsábeis.

Francesco Tonucci anima o proxecto “A cidade das nenas e dos nenos” (cuxas bases reproducense en Apéndice no libro que nos ocupa) e propugna a creación de “Consellos de Nenas e Nenos” que dean voz á infancia en todos os municipios para cuestionar e repensar múltiples aspectos da vida social: a educación familiar, os paradigmas e métodos da escola, a errada deriva “competitivista” das actividades



deportivas dirixidas ao estamento infantil, o desenvolvemento urbano, o deseño dos espazos públicos, as redes e medios de transporte...

Aínda que a súa teorización descansa en experiencias levadas a cabo sobre todo en cidades italianas, arxentinas e catalás, desde 1991, non deixa de ser útil para situar iniciativas que se están levando a cabo nunha cidade situada hoxe por hoxe na vangarda do deseño urbano, como é Pontevedra, onde xa vai para tres anos que se ven aplicando un programa que garante que os nenos e nenas poidan ir sós á escola camiñando pola cidade sen perigo.

para ver, para ouvir, para ler

tres artigos de carlos casares

Os pés colgando

La Voz de Galicia, 4-I-1995

A poucos nenos coñecín eu que debuxasen con máis graza e orixinalidade que o Toñito da Cándida, que debe andar agora polo Brasil. Un día, na hora do recreo, en vez de saír a xogar cos compañeiros a un soute veciño da escola, quedou pintando monicreques na pizarra. Cando volvimos, atopámonos coa estampa dun can precioso no medio do encerado, feito con xiz de cores, que tiña a particularidade de que en vez de cabeza propia, levaba posta a cara do mestre. Aquela audacia costoulle unha terrible lapada.

Cando marchabamos para a casa, baixando pola Costa das Carrizas, xuroume chorando que non o fixera por mal. Non recordo ben o argumento, pero máis ou menos quería dicir que o can era o del, un animal polo cal sentía adoración, e que a ocorrencia de poñerlle a cara do mestre era porque lle parecía moi listo.

Onte lin tamén a historia dun neno ruso, alumno da célebre escola para nenos cegos e xordos da cidade de Zagorsk, a quen lle mandaron modelar un paxariño pousado na póla dunha árbore; representouno sentado como se fose unha persoa, é dicir, cos pés colgando. O profesor censurouno, non por contar a fantasía do pequeno, senón para corrixir o que era un erro. Se Deus chega a sabelo cando fixo o mundo, probablemente os paxaros se sentarían hoxe como a xente, aínda que só fose para que este neno tivese razón.

Unha letra

La Voz de Galicia, 13-V-1998

No periódico de onte, nesta última páxina onde agora escribo, aparecía unha reportaxe sobre o éxito que teñen ultimamente os libros de texto de hai anos, os mesmos que eu estudiei cando era neno. Entre os citados, viña un título que me trouxo moitos recordos: “Mi mamá me mima”, escrito polo meu amigo Luís Otero, con quen compartín escola. Esa era unha frase que se empregaba para aprender o “m”. Se non recordo mal, seguía así: “Yo amo a mi mamá”.

No mesmo libro, había tamén unha lección que empezaba: “Carlota, virtudes, aviador”. Esta última non sei para que servía, aínda que poida ser que estivese destinada a aprender o “v”. Esta frase debeume quedar na memoria porque houbo unha época na que o meu pai nos impuxo á miña irmá e a min, cando andabamos neses libros, a tarefa de aprenderlle a ler á rapaza que nos axudaba na casa. Estouna escoitando dicir en voz alta esas tres palabras, recitadas cun ritmo que aínda hoxe, tantos anos despois, me resoa nos oídos como unha música inocente e agradable.

Na mesma época, fixen unha zorrada moi fea. Resulta que a miña irmá me preguntou que letra era o “y”, pois cando o meu pai chegara á casa pola noite, ía preguntarnos a lección. En vez de responderlle que non sabía, díxenlle que se fose preparando. Cando chegou o meu pai, boteime a correr cara a el, asalteino na porta de entrada e comporteime como un acuseta repugnante. Sinalando ambiguamente co dedo entre a citada letra e a que estaba ó lado, díxenlle que a miña irmá non sabía cómo se chamaba. “¿Cal?”, preguntou o meu pai, “¿O y grego?”. Foi así como aprendín esa letra. Aínda hoxe, cando me fixo nela, dáme algo de vergoza.

Intelixentes e sabios

La Voz de Galicia, 15-VIII-2001

Onte pola mañá, cando volvía de Portugal cuns amigos, escoitei na radio que lle chamaban sabio a un señor a quen eu coñezo, un home intelixente polo cal sinto ademais verdadeira estima, pero que tamén estou convencido de que el sería o primeiro en rexeitar semellante calificativo. Unha cousa é ser intelixente, incluso moi intelixente, e outra cousa é ser sabio. Unha persoa con intelixencia pode dicir e facer moitas parvadas, como podemos observar todos os días, aínda que a maior parte da xente con boa cabeza adoita usala con tento. Un sabio, en cambio, aínda que se equivoque, nunca dirá bobadas.

Cando eu era estudante, un día tiven que ler por obriga un libro dun profesor madrileño que pasaba por sabio. Primeiro, sentín sorpresa, logo empecei a indignarme, por último acabei por botarme a rir. Insinueille algo desto a un profesor meu, pero tratou de facerme ver que estaba equivocado, pois o referido señor tiña a sona merecida de ser un auténtico sabio. Non me convenceu completamente, pero deixouno con esa dúbida.

Un amigo meu, que foi alumno daquel home ilustre, contoume anos despois que este tiña publicado un comentario a un poema, no que aparecían dúas palabras difíciles de entender: *aristelicos a la crema*. Como é norma en casos así, o citado puxo unha nota aclaratoria: “Pastelitos muy populares en la España del siglo XVII”. Quixo o azar que o poeta Luis Rosales descubriera que os enigmáticos *aristelicos* non era máis que un erro por “aristotélicos teoremas”. Para emendar a equivocación publicou un artigo. Ó sabelo, o ridiculizado buscouno e deulle un puñetazo. Non debía ser tan sabio porque lle veu de volta. E tombouno.

sedes de STEG

A CORUÑA

Avda. do ferrocarril s/n, Local 1752. 15007 A Coruña

Tfno/Fax 981154031

corunha@steg.gal

Horario de atención de sede: De luns a venres de 10:00 a 14:00 h.

Luns e mércores tamén de 17:00 a 19:00 h

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Avda. de Coimbra nº 15. 15704 Santiago

Tfno/Fax 981580700

compostela@steg.gal

Horario de atención de sede: De luns a venres de 10:00 a 14:00 h.

Martes e mércores tamén de 17:00 a 19:00 h

LUGO

r/ Conde nº 31 - Entresollado esquerda. 27003 Lugo

Tfno/Fax 982240066

lugo@steg.gal

Horario de atención de sede: De luns a venres de 10:00 a 14:00 h.

Luns e martes tamén de 17:00 a 19:00 h

OURENSE

r/ Bedoya nº 5, 2º dereita. 32004 Ourense

Tfno/Fax 988252323

ourense@steg.gal

Horario de atención de sede: De luns a venres de 10:00 a 14:00 h .

De luns a xoves tamén de 17:00 a 19:00 h

PONTEVEDRA

Praza Curros Enríquez, nº 1, oficina 201. 36002 Pontevedra

Tfno/Fax 986 85 75 45

pontevedra@steg.gal

Horario de atención de sede: De luns a venres de 10:00 a 14:00 h.

Martes, mércores e xoves tamén de 17:00 a 19:00 h.



**aulas
libres 8**